# NADAL 2022

## CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONCELLO DE
SANTIAGO

## 2dec



Ás 12 h inaugúrase, un ano máis, o Mercado de Nadal na Carreira do Conde. Pola tarde faino o Belén de San Fiz de Solovio ás 16 h. A partir das 17.30 h os cativos poderán desfrutar do carrusel de cabaliños na praza do Obradoiro. A iluminación de Nadal acéndese en toda a cidade ás 18:30 h.

+ INFO na páxina 5

## 3dec




Comezan as actividades do Nadal sobre Rodas ás 11 h no Campo da festa do Castiñeiriño cun obradoiro de repostería de Nadal e ás 18 h na praza do Toural cunha sesión musical a cargo de Espiño DJ e elaboración de complementos para photocall.

+ INFO na páxina 16

## 16dec




XI MERCADO DA ESTRELA
Do 16 ata o 18 de decembro celébrase, un ano máis, o emblemático mercado de artesanía e creatividade de Nadal nos seus habituais espazos: San Martiño Pinario, praza do 8 de Marzo, Centro Social Abanca e Centro Don Bosco.

+ INFO na páxina 6

## 26dec



MULTIXOGO NADAL
O Multiusos Fontes do Sar acollerá un gran parque de atraccións para a cativada de 3.500m² con numerosas actividades como a gran tirolina, inchables, rocódromos, karts, obradoiros... ademáis de actividades especiais cada día.

+ INFO na páxina 17

santiagodecompostela.gal
@PazodeRaxoi
concellosantiago

santiagoturismo.com
@santiagoturismo
TurismodeSantiago
@santiagoturismo

compostelacultura.gal
@ccultura
CompostelaCultura
@compostelacultura

comercio.santiagodecompostela.gal
@ComercioStgo
ComercioStgo

delingua.santiagodecompostela.gal

SantiagoSocioCultural

## 30dec




No Auditorio de Galicia, de 12 a 20 h, terá lugar a festa do Apego. Música, xogos, contos, danza, recursos..., moitas propostas para achegarmos á crianza á cultura e ao lecer en galego durante a última festa do ano.

+ INFO na páxina 30

## 31dec



Despedida do ano coa Ruta e a Carreira de San Silvestre. A partir das 23 h todos estamos convidados a festa de fin de ano que este ano conta coa orquestra Fania Blanco Show.
Feliz Aninovo!

+ INFO na páxina 32

## 05xan



Percorrido dos Reis Magos de Oriente polas rúas de Santiago de Compostela e posterior recepción no Pazo de Raxoi onde recibirán aos nenos e nenas que desexen entregarlle persoalmente a súa carta.

+ INFO na páxina 35

**Edición:** Concello de Santiago de Compostela
**Deseño do cartel:**
Rebeca Losada (DL: C 1714-2022)
**Maquetación:**
Helena Porto-Vilas Sixto (manjoleteira.com)
**Rotativa:** Galicia Editorial S.L.
**Fotos Arquivo de Turismo de Santiago**

**Enderezos de Interese:**

Teatro Principal: Rúa Nova, 21
981 542 347 (oficina) / 981 542 349 (billetes)
Correo eléctrónico:
teatroprincipal@santiagodecompostela.gal

Auditorio de Galicia
Avda. do Burgo das Nacións, s/n
Teléfono: 981 552 290

Zona C. Punto de Información Cultural
Preguntoiro, nº 1 (Praza de Cervantes)
De martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h
Teléfono: 981 542 462

Turismo de Santiago de Compostela:
Rúa do Vilar, 63. Teléfono: 981 555 129
Correo electrónico: info@santiagoturismo.com

Espazo Apego:
Rúa da República do Salvador, 12 - entresollado
Teléfono: 981 542 40

**Centros socioculturais:**

CSC José Saramago de Vite
Rúa de Carlos Maside, 7
CSC Aurelio Aguirre de Conxo
Praza de Aurelio Aguirre, 1
CSC O Ensanche
Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16
CSC Santa Marta
Rúa Antonio Rama Seoane, 6
CSC As Fontiñas:
Rúa de Berlín, 13
CSC Agustín Bueno do Castiñeiriño
Rúa da Virxe de Fátima, 1
CSC do Romaño
Rúa Travesía de Vista Alegre, 46
CSC de Cornes
Rúa Manuel Beiras, 3
CSC da Trisca: Corredoira das Fraguas, 92
CSC da Rocha: Rúa do Beado, 1- A Rocha Vella
CSC de Sar: Rúa da Ponte do Sar, 43 baixo
CSC da Pontepedriña: Rúa de Amor Ruibal, 26
CSC de San Lourenzo:
Rúa Carballeira de San Lourenzo, 2
CSC Cardeal Quiroga: Rúa Samos, 6
CSC Antón Fraguas:
Rúa do Bispo Diego Pelaez, 7
CSC das Casas Novas: Rúa do empedrado, 7
CSC das Brañas de Andrés:
Rúa de Vista Alegre, 9-11
CSC de Amio: Rúa da Muíña, 63
CSC de Casa Agraria: Rúa Tabaniscas, 12
CSC da Cidade Histórica: Praza Salvador Parga, 4
CSC das Cancelas: Calzada das Cancelas, 19
CSC da Gracia: Lugar de San silvestre, 6
CSC de Nemenzo: Campo do Monte s/n
CSC de Marantes: Lugar de Cortos s/n
CSC de Bando: Coto dos olmos, 19
CSC do Eixo - Bornais: Rúa Lugar de Bornais s/n
CSC de Enfesta: Lugar de Forte s/n
CSC da Peregrina: A Peregrina s/n
CSC de Laraño: Lugar de Riobó s/n
CSC de Marrozos: Ardagán de arriba, 7
CSC de Grixoa: Lugar da igrexa s/n
CSC de Villestro: Lugar de Quintáns
CSC de Verdía: Lugar de Eirexe, 13
CSC da Lavacolla: A Sionlla s/n
CSC de Busto: Lugar Vilariño, 20
CSC de Santa Cristina de Fecha: Lugar de Roxido, 8



DO 2 DE DECEMBRO DE 2022 AO 7 DE XANEIRO DE 2023

# Feliz Nadal 2022!

Este 2022 descubrímosvos un Nadal cheo de cores, luces, empatía e ilusión, co propósito de lembrar o importantes que somos para as persoas que nos rodean. Un ano máis, Compostela ábrevos as portas durante estas festas tan especiais para todos e todas. Adiantámosvos que non faltará o noso tradicional belén de San Fiz de Solovio ou as luces, a música e as cores nas nosas rúas e monumentos máis emblemáticos. Volverá a marabillosa música que nos brindará a Real Filarmónica de Galicia a noite de Reis. As nosas rúas vestiranse de artesanía, gastronomía, obradoiros e espectáculo co Mercado de Nadal na Carreira do Conde e en Área Central, o Nadal sobre Rodas que percorrerá diferentes zonas da cidade e o XI Mercado da Estrela; ademais teremos unha marabillosa selección de autocinema, de actividades nos centro socioculturais dos diferentes barrios da cidade, actividades deportivas...No Multiusos de Sar poderemos disfrutar dunha oferta lúdica singular para todas as idades. A anfitrioa será a Apalpadora antes do día de Nadal que, xunto coa visita dos Reis Magos de Oriente o día 5 de xaneiro de 2023, é o máis desexado por parte da xente miúda da casa. O ano terminará coa Festa do Apego no Auditorio de Galicia, un día cheo de actividades e lecer para a cativada.

Bo nadal 2022!



MERCADO NAVIDEÑO

# Mercado de Nadal

CARREIRA DO CONDE E ÁREA CENTRAL

**DE 12 A 14 H / DE 17 A 21.30 H**
CARREIRA DO CONDE : Do 2 de decembro ao 5 de xaneiro
ÁREA CENTRAL : Do 23 de decembro ao 5 de xaneiro

Pechado o día 25 de decembro e 1 de xaneiro
Apertura só mañá os días 24 e 31 de decembro

**Público familiar · Entrada Libre · De balde**

Mercado de produtos de Nadal onde se poderán atopar postos de gastronomía gourmet e decoración propia da época (do 2 ao 24 de decembro); e artesanía, deseño e agasallo orixinal (do 26 de decembro ao 5 de xaneiro).

Toda a información sobre os comercios e artesáns participantes e a programación completa de dinamización en: comercio.santiagodecompostela.gal , mercadonadal.com e a conta de facebook: mercadonadalconcellodesantiago.

CARRUSEL

# Carrusel de cabaliños

PRAZA DO OBRADOIRO

**Do 2 de decembro ao 31 de decembro de 17.30 h a 20.30 h**
Pechado o día 25 de decembro

Carrusel de cabaliños de 10 metros de diámetro dirixido aos pequechos e pequechas da casa.








FEIRA CREATIVA DE AGASALLOS DE NADAL

# 11º Mercado da Estrela

CLAUSTRO DE SAN MARTIÑO PINARIO, CENTRO SOCIAL ABANCA, PRAZA DO 8 DE MARZO E CENTRO DON BOSCO

O Mercado da Estrela é un festival de Nadal onde as persoas creadoras de Galicia nos mostran o froito do seu talento nas vésperas das festas para que desfrutemos das súas mimadas creacións, pezas, produtos, elaboracións e composicións, ou as convirtamos en orixinais e innovadores agasallos adquiridos baixo o selo de #talentogalego no centro neurálxico de Compostela para os abrazos, os reencontros e os brindes previos á Noiteboa!

Case un centenar de marcas de artesanía, moda, ilustración, xoguetes, fotografía, deseño, decoración, produtos enogastronómicos, últimas tendencias e moito máis, nunha feira creativa contemporánea que completa a súa proposta con foodtrucks, postos de restauración e un atractivísimo programa de concertos, sesións picadiscos e obradoiros deseñado para gozar da creatividade e do tempo compartido.

Un festival de balde que reparte os seus contidos entre diferentes espazos de destacado valor histórico e patrimonial de Santiago de Compostela para redescubrilos a través dun percorrido que permite coñecer a impresionante riqueza arquitectónica e cultural desta cidade Patrimonio da Humanidade, mentres se desfruta do animado ambiente que caracteriza o festival e se descubre a riqueza creativa dos novos talentos de Galicia.

Do 16 ao 18 de decembro contaremos de novo co festival de Nadal, Mercado da Estrela. Haberá un atractivo programa na praza do 8 de Marzo, no Claustro procesional do Mosteiro de San Martiño Pinario (Praza da Inmaculada), na Hospedaría de San Martiño Pinario (Praza da Inmaculada), no Centro Social Abanca (Praza de Cervantes) e na pista cuberta nos xardíns do Centro Don Bosco.

Entrada libre e gratuíta ata cubrir aforamento.

+ INFO: mercadodaestrela.com e páxina de facebook do evento da 11ª edición do Mercado da Estrela.

PROGRAMA

**ZONA FOODTRUCK**

Zona foodtruck con DJs e oferta de restauración na praza do 8 de Marzo desde as 14 h o venres 16, de 12 a 00 h o sábado 17 e de 12 a 22 h o domingo 18 de decembro

**FEIRA CREATIVA**

Feira creativa de agasallos de Nadal con gardería, ludoteca e obradoiros no 2º andar do Centro Social Abanca na praza de Cervantes, no claustro procesional do mosteiro de San Martiño Pinario e na Hospedería San Martiño Pinario. Venres 16 de 17 a 21 h. Sábado 17 e domingo 18 de 11 a 21 h

**MÚSICA**

Programación musical, bingo de Nadal, fotomatón estreleiro e oferta gastronómica na pista cuberta do Centro Don Bosco, rúa de Belvís, 2. Venres 16 de 19 a 01 h. Sábado 17 de 13 a 01 h e Domingo 18 de 13 a 21 h




# DO 16 AO 18 DE DECEMBRO '22

Feira creativa de agasallos: **SAN MARTIÑO PINARIO** (CLAUSTRO PROCESIONAL E HOSPEDERÍA) E **CENTRO OBRA SOCIAL ABANCA NA PRAZA DE CERVANTES** (2º ANDAR) Zona foodtruck con Djs: **PRAZA 8 DE MARZO** Programación musical, bingo de nadal e cantina gourmet: **PISTA CUBERTA DO CENTRO DON BOSCO**. Entrada libre, sorpresas e máis actividades en todos os espazos!

BASES DE PARTICIPACIÓN

COORGANIZAN: CONCELLO DE SANTIAGO · SANTIAGO DE COMPOSTELA TURISMO · Correveydile

PATROCINAN: XUNTA DE GALICIA · Xacobeo 21-22 · ARTESANÍA DE GALICIA · Estrella Galicia · GADIS

UBICACIÓNS

COLABORAN: SEMINARIO MAIOR COMPOSTELANO · San Martiño Pinario · ABANCA · DON BOSCO

APOIAN: FINSA · PACO & LOLA · LODEIROS



# ILUMINACIÓN EN COMPOSTELA

ILUMINACIÓN

## POSTAIS DE LUZ

### PRAZA DA QUINTANA

As persoas que crucen a Praza da Quintana á noitiña (desde as 18 h até ben entrada a noite) nas datas máis sinaladas deste Nadal recibirán unha felicitación moi especial: ilustracións creadas especificamente para a súa proxección sobre a Casa da Conga.
Datas: venres 23, sábado 24, e domingo 25 | sábado 31 e domingo 1 | Xoves 5 e venres 6
Iniciativa de Turismo de Santiago, Concello de Santiago que conta coa colaboración de CSIC Galicia (Casa da Parra)

+ INFO: santiagoturismo.gal/nadal

ILUMINACIÓN

# Luz e cor na fachada

## SAN DOMINGOS DE BONAVAL




O conxunto de convento e igrexa de San Domingos de Bonaval conta cunha instalación de iluminación na fachada que estará dispoñible desde o venres 2 de decembro ata despois de Reis (a partir das 18 h).

Iniciativa de Turismo de Santiago, Concello de Santiago, que conta coa colaboración do CGAC, Xunta de Galicia.

+ INFO: santiagoturismo.gal/nadal

ITINERARIO CON ILUMINACIÓN ARTÍSTICA

# Luces e voces da Alameda

## ALAMEDA



Durante un mes completo, o noso parque máis insigne lucirá unha iluminación artística especial. Desde o venres 2 de decembro ao domingo 8 de xaneiro, as personaxes senlleiras e outros fitos da historia de Santiago e Galicia presentes na Alameda brillarán máis ca nunca. Propoñémosvos un itinerario para descubrilas todas, aquelas que levan décadas con nós e as de máis recente incorporación, mentres gozades dun fermoso paseo co caer do día. A partir das 18 h da tarde e ata entrar a noite, coincidindo co horario das luces de Nadal, atoparedes estes 14 puntos engalanados con luz e cor:

1. Porta Faxeira
2. As Marías
3. Valle-Inclán
4. Isaac Díaz Pardo
5. Homenaxe a Carlos Maside
6. O banco dos namorados
7. A Leiteira
8. A fonte de mármore
9. Monumento a Rosalía de Castro
10. Federico García Lorca
11. Monumento a Pedro Pais Lapido
12. Pavillón de Recreo Artístico e Industrial (Escola Infantil de Santa Susana)
13. Homenaxe a Castelao
14. Igrexa de Santa Susana

+ INFO: Oficina central de Turismo de Santiago no enlace da web santiagoturismo.gal/nadal

ARTES VISUAIS

# Utópicas. Arte e territorio

**AUDITORIO DE GALICIA**

7H Cooperativa Cultural e colectivos

Até o 15 de xaneiro de 2023

Todos os días de 10 a 14 h e de 16 a 20 h

*Os días de concerto a sala de exposicións pecha ás 19 h*

O 24, 25 e 31 de decembro e os días 1 e 6 de xaneiro a sala permanecerá pechada

Todos os públicos · Entrada Libre · De balde

A exposición recolle a memoria dos procesos de traballo de Corpos en resistencia, Libros que fan barrio, Na procura dun bosque, Percorrendo a memoria e Rúas da memoria. Os colectivos traballaron entre xuño e outubro para deseñar e executar de forma colaborativa as súas iniciativas e desenvolveron diversas accións de investigación e creación en diferentes espazos, parques e barrios, ocupando tamén a sala de exposicións do Auditorio.

+ INFO: *compostelacultura.gal*




---

PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN

# Programación de dinamización no Mercado de Salgueiriños

**MERCADO DE SALGUEIRIÑOS**

**DÍAS 1, 8, 15, 22 E 29 DE DECEMBRO**

Público familiar · De balde · Acceso Libre para as actuacións e ata completar aforo nas actividades de *Nadal sobre rodas*

DÍA 1 DECEMBRO: 11.30 h e 12.15 h. Dous pases de 45 minutos de duración cada un deles. Actuación da agrupación musical dos Bregadiers: ritmos swing, jazz e rock&roll, nunha formación brass band de experimentados músicos galegos de gran calidade musical e artística.

DÍA 8 DECEMBRO: 11.30 h a 13.30 h. Visita do autobús de *Nadal sobre Rodas* ao mercado: obradoiros e actividades para toda a familia.

DÍA 15 DECEMBRO: 11.30 h e 12.15 h. Dous pases de 45 minutos de duración cada un deles. Actuación da agrupación Trío Detrés: música e gags cómicos para todos os públicos. Temas propios, versións de cancións populares, divertidos arranxos para un programa que transita por todos os estilos: latino, clásico, jazz, swing, bandas sonoras...

DÍA 22 DECEMBRO: 11.30 h e 12.15 h. Dous pases de 45 minutos de duración cada un deles. Actuación da agrupación musical Brassica Rapa: primeira fanfarria do país 100% feminina. Reivindican a presenza da muller e levan a frescura alá onde os seus ritmos chegan.

DÍA 29 DECEMBRO: 11.30 h a 13.30 h. Visita do autobús de *Nadal sobre Rodas* ao mercado: obradoiros e actividades para toda a familia.

+ INFO : comercio.santiagodecompostela.gal

CIRCO

# Circo en Nadal

**CIRCO NOVE AS CANCELAS, Nº 125**

CENTRO XOVE DA ALMÁCIGA

**DÍAS 2, 3, 4, E 5 DE XANEIRO 2023**

De 11.30 ata as 13.30 h · Público infantil · De balde

Acceso libre ata completar o aforo (prazas: 20 nen@s/día).

Reserva no mail circonoveoficina@gmail.com, no que se indiquen os datos da persoa responsable e do neno ou nena, a súa idade e un teléfono de contacto.

O equipo de docentes do proxecto Circonove introducirá aos rapac@s nas diferentes técnicas circenses Acrobacias, Malabares, Equilibrios, Danza, Clown, Teatro, Ritmo e Creación de xogetes malabares. Todas as actividades están adaptadas ao nivel e momento de cada participante, sempre a través de xogos que fomenten o traballo en equipo e o respeto entre eles. Está ben que traian unha botella de auga e algo de almorzo na súa bolsiña.

O día 2 de xaneiro teremos una sesión especial de PequeCirco, só para cativada de 3 a 5 anos.

Os días 3, 4 e 5 de xaneiro estarán enfocados a rapazada entre 6 e 14 anos, que aprenderá da convivencia entre as diferentes idades á vez que desfrutará dun programa de ac-tividades e obradoiros de circo excepcionais, impartidos por profesorado especializado.

DECORACIÓNS NAVIDEÑAS

# Belén tradicional & CSC no Nadal



### IGREXA DE SAN FIZ DE SOLOVIO

Un Nadal máis, do venres 2 de decembro ao xoves 5 de xaneiro, poderemos gozar deste impresionante Belén cedido e montado polo belenista José Uzal: preto de 500 figuras compoñen este nacemento que inclúe diferentes escenas, pezas en movemento e tamén iluminación e son.

Ademais, San Fiz acollerá este ano unha instalación moi especial: unha maqueta colectiva e artística feita pola veciñanza desde os 45 centros socioculturais de todo o termo municipal. A todo isto hai que sumarlle o atractivo da propia igrexa de San Fiz, fundamental na historia fundacional de Santiago, ademais de que o seu tímpano acolle unha fermosa representación gótica da Epifanía ou Adoración dos Magos.

Unha acción de Turismo de Santiago, coa colaboración do Arcebispado de Santiago e o Mercado de Abastos á que este Nadal se suma a Rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago.

HORARIO

**Inauguración venres 2 decembro**
de 16 a 19 h
Sábado 3 a domingo 11 decembro:
de 11 a 14 h e de 16 a 21 h
Luns a venres, do 12 ao 23 decembro:
de 11 a 14 h e de 16 a 19 h
Sábados, domingos e vacacións escolares:
de 11 a 14 h e de 16 a 21 h
Celebracións especiais
24 e 31 decembro:
de 11 a 14 h e de 16 a 19 h
25 decembro e 1 xaneiro:
de 17 a 21 h

*Horario reducido por ensaio dos coros da Catedral*
Días 7, 9 e 23 decembro: peche ás 19 h
Día 3 de xaneiro: peche ás 20.30 h

## Concerto de corais veciñais da Rede de Centros Socioculturais

**Mércores, 4 xaneiro ás 18 h**

San Fiz de Solovio acollerá este Nadal un concerto de corais moi especial, interpretado polas corais veciñais do Castiñeiro, Vite e Santa Susana. Este concerto é froito da colaboración entre as áreas municipais Turismo de Santiago de Compostela e a Rede Municipal de Centros Socioculturais. Esta colaboración, que nace neste Nadal 2022, pretende dar visibilidade á veciñanza de Compostela nun espazo monumental esencial no Nadal da nosa cidade como é a igrexa de San Fiz.

REPERTORIO

CORAL "AMIGOS DO CASTIÑEIRIÑO"
- Benedicat Vobis. Haendel.
- Vive o Nadal. Popular, Galicia.
- Falade Baixiño. Popular, Galicia.
- Imos todos para Belén. Popular, Galicia. Arranxo: José Blasco.

CORAL "JOSÉ SARAMAGO DE VITE"
- Cun sombreiro de palla. Popular, Galicia.
- Los peces en el río. Popular, España.
- Navidad en la tierra y en el mar. Autor: José Luis Perales.
- Dime Niño de quién eres. Popular, España.

CORAL "SANTA SUSANA"
- Dulce Jesús mío. Anónimo, Bolivia. Ed. Piotr Nawrot.
- Río, Río. Popular, Chile. Arr. Marcos Mato Collazo.
- Canto do Berce . Canción popular galega
- O Neno durmía. Letra: Díaz Xácome / Música: A. Paz Valverde.

+ INFO: santiagoturismo.gal/nadal

ACTIVIDADE DOS CSC PARA A RAPAZADA

# Agasallo viaxeiro

REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

| | | |
|---|---|---|
| **1 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 18 a 20.00 h | *CSC Bando* | Xoguete Speed Cups |
| 18 a 19.30 h | *CSC As Fontiñas* | Xoguete de arrastre |
| **2 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 17 a 18.30 h | *CSC Figueiras* | Bingo de Inverno |
| 18 a 20 h | *CSC O Ensanche* | Memory Monstroso |
| 18 h | *CSC A Gracia* | Tres en raia |
| **3 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 12 a 13 h | *CSC Nemenzo* | Tangram |
| 17 a 18.30 h | *CSC San Lourenzo* | Helicóptero |
| 17 a 18.30 h | *CSC Figueiras* | Bingo de Inverno |
| 18.30 a 20 h | *CSC Lavacolla* | Caixa sorpresa |
| **5 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 18 a 19.30 h | *CSC As Fontiñas* | Xoguete de arrastre |
| **7 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 17.30 a 19 h | *CSC Vite* | Xoguete 3 en raia |
| 18 a 19.30 h | *CSC As Fontiñas* | Xoguete de arrastre |
| 18.30 a 20 h | *CSC Villestro* | Monos colgantes |
| **9 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 17 h | *CSC Figueiras* | Bingo de Inverno |
| 17.30 a 19 h | *CSC Vite* | Xoguete 3 en raia |
| 18 a 20 h | *CSC O Ensanche* | Memory Monstroso |
| 18.30 h | *CSC Marrozos* | Xeado e crebacabezas |
| **10 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 12 a 13 h | *CSC Nemenzo* | Tangram |
| 17 a 18.30 h | *CSC San Lourenzo* | Helicóptero |
| 17 a 18.30 h | *CSC Figueiras* | Bingo de Inverno |
| 18.30 a 20 h | *CSC Lavacolla* | Caixa sorpresa |
| **12 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 18 a 19.30 h | *CSC As Fontiñas* | Xoguete de arrastre |
| 18 h | *CSC A Peregrina* | Chaveiro |
| 19 h | *CSC O Castiñeiriño* | Bola de fantasía de Nadal |
| **13 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 18 h | *CSC Marantes* | Xoguete atina a bola |
| 18.30 h | *CSC A Casa Agraria* | Animais con pinzas |
| 18.30 h | *CSC Marrozos* | Xeado e crebacabezas |
| 19.30 h | *CSC Conxo* | Xogo de mesa |
| **14 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 17 a 18.30 h | *CSC Figueiras* | Bingo de Inverno |
| 17.15 h | *CSC Amio* | Adorno navideño |
| 17.30 a 19 h | *CSC Vite* | Xoguete 3 en raia |
| 18.30 a 20 h | *CSC Villestro* | Monos colgantes |



| | | |
|---|---|---|
| **15 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 17 a 18.30 h | *CSC Laraño* | Caixa sorpresa |
| 17.15 h | *CSC Amio* | Adorno navideño |
| 18 h | *CSC As Fontiñas* | Peonza |
| 18 h | *CSC Bando* | Xoguete Speed Cups |
| 18.30 h | *CSC Santa Marta* | Tres en raia |
| 18.30 h | *CSC Pontepedriña* | Doceiro |
| 18.30 h | *CSC Verdía* | Paletas de cores |
| 19.30 h | *CSC Conxo* | Xogo de mesa |
| **16 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 17.30 a 19 h | *CSC Vite* | Xoguete 3 en raia |
| 18 h | *CSC Busto* | Xoguete viravoltas |
| 18 a 19.30 h | *CSC As Fontiñas* | Xoguete de arrastre |
| 18 a 19.30 h | *CSC As Fontiñas* | Peonza |
| 19 h | *CSC O Castiñeiriño* | Bola fantasía de Nadal |

ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIOCULTURAL

# Obradoiros dos CSC

| | | |
|---|---|---|
| **3 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 18.30 h | *CSC Pontepedriña* | Breakdance |
| **12 DE DECEMBRO DE 2022** | | |
| 17.30 h | *CSC Vite* | Breakdance |
| 18 h | *CSC Amio* | Almorzos e merendas saudables |
| 18 h | *CSC A Trisca* | Centros de mesa de Nadal |
| **13 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 16.30 h | *CSC A Rocha* | Centros de mesa de Nadal |
| 17 h | *CSC As Cancelas* | Almorzos e merendas saudables |
| 18 h | *CSC Cardeal Quiroga* | Menú de Nadal |
| 19 h | *CSC Marantes* | Centros de mesa de Nadal |
| **14 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 11 h | *CSC O Castiñeiriño* | Centros de mesa de Nadal |
| 16.30 h | *CSC Nemenzo* | Centros de mesa de Nadal |
| 18 h | *CSC Sar* | Menú de Nadal |
| 18.30 h | *CSC O Romaño* | Obradoiro de galletas |
| 19 h | *CSC S. Xulián do Carballal* | Centros de mesa de Nadal |
| **15 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 17 h | *CSC Amio* | Obradoiro de galletas |
| 17.30 h | *CSC Vite* | Menú de Nadal |
| 19 h | *CSC A Almáciga* | Centros de mesa de Nadal |
| **16 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 16.30 h | *CSC Busto* | Centros de mesa de Nadal |
| 18.30 h | *CSC O Romaño* | Almorzos e merendas saudables |
| 19 h | *CSC Grixoa* | Centros de mesa de Nadal |
| **17 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 12 h | *CSC Conxo* | Obradoiro de galletas |
| 13 h | *CSC Conxo* | Breakdance |
| **19 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 16.30 h | *CSC Lavacolla* | Centros de mesa de Nadal |
| 18 h | *CSC Brañas de Andrés* | Obradoiro de galletas |
| 18.30 h | *CSC Pontepedriña* | Monicreques |
| 19.30 h | *CSC Santa Marta* | Centros de mesa de Nadal |
| **20 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 17 h | *CSC As Cancelas* | Centros de mesa de Nadal |
| 18 h | *CSC A Rocha* | Menú de Nadal |
| 18.30 h | *CSC Casa Agraria* | Almorzos e merendas saudables |
| 19.30 h | *CSC O Romaño* | Centros de mesa de Nadal |
| **21 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 16.30 h | *CSC Brañas de Andrés* | Centros de mesa de Nadal |
| 18.30 h | *CSC A Gracia* | Menú de Nadal |
| 18.30 h | *CSC As Fontiñas* | Almorzos e merendas saudables |
| 19 h | *CSC A Casa Agraria* | Centros de mesa de Nadal |
| 19 h | *CSC Casco Histórico* | Cociña familiar |
| **22 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 16.30 h | *CSC As Casas novas* | Centros de mesa de Nadal |
| 17 h | *CSC Fontiñas* | Obradoiro de galletas |
| 18.30 h | *CSC Fontiñas* | Menú de Nadal |
| 19 h | *CSC Amio* | Centros de mesa de Nadal |
| **23 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 11 h | *CSC San Lourenzo* | Obradoiro de galletas |
| 16.30 h | *CSC Cardeal Quiroga* | Centros de mesa de Nadal |
| 17.30 h | *CSC Vite* | Cociña familiar |
| 18 h | *CSC Conxo* | Esgrima histórica |
| 18.30 h | *CSC O Romaño* | Menú de Nadal |
| 19 h | *CSC Vite* | Centros de mesa de Nadal |





| | | |
|---|---|---|
| **26 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 11 h | *CSC San Lourenzo* | Monicreques |
| 12 h | *CSC O Ensanche* | Esgrima histórica |
| 16.30 h | *CSC Vista Alegre* | Centros de mesa de Nadal |
| 18.30 h | *CSC A Gracia* | Obradoiro de galletas |
| 19 h | *CSC A Gracia* | Centros de mesa de Nadal |
| **27 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 10 h | *CSC Verdía* | Rapazada ioga |
| 10 h | *CSC Lavacolla* | Breakdance |
| 11 h | *CSC Verdía* | Monicreques |
| 11 h | *CSC Lavacolla* | Obradoiro de galletas |
| 11 h | *CSC San Lourenzo* | Baile tradicional |
| 19.30 h | *Casa das Asociacións de Cornes* | Centros de mesa de Nadal |
| **28 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 11 h | *CSC San Lourenzo* | Esgrima histórica |
| 12 h | *CSC O Ensanche* | Rapazada ioga |
| 16.30 h | *CSC Casco Histórico* | Centros de mesa de Nadal |
| 18 h | *CSC Santa Cristina de Fecha* | Menú de Nadal |
| 18.30 h | *CSC Figueiras* | Almorzos e merendas saudables |
| 18.30 h | *CSC Marantes* | Cociña familiar |
| 19 h | *CSC Sar* | Centros de mesa de Nadal |
| **29 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 10 h | *CSC Lavacolla* | Rapazada ioga |
| 10 h | *CSC Verdía* | Breakdance |
| 11 h | *CSC San Lourenzo* | Comedia dell´arte |
| 11 h | *CSC Verdía* | Obradoiro de galletas |
| 11 h | *CSC Lavacolla* | Monicreques |
| 17.15 h | *CSC Bando* | Almorzos e merendas saudables |
| 18 h | *CSC Vista Alegre* | Monicreques |
| 16.30 h | *CSC Bornais* | Centros de mesa de Nadal |
| 18.30 h | *CSC A Peregrina* | Cociña familiar |
| 19 h | *CSC Laraño* | Centros de mesa de Nadal |
| **30 DECEMBRO DE 2022** | | |
| 11 h | *CSC San Lourenzo* | Almorzos e merendas saudables |
| 17.30 h | *CSC Pontepedriña* | Cociña familiar |
| **2 XANEIRO DE 2023** | | |
| 11 h | *CSC San Lourenzo* | Breakdance |
| 12 h | *CSC O Ensanche* | Monicreques |
| 18 h | *CSC Trisca* | Obradoiro de galletas |
| 18 h | *CSC Santa Marta* | Cociña familiar |
| **3 DE XANEIRO DE 2023** | | |
| 11 h | *CSC San Lourenzo* | Percusión e canto tradicional |
| 17 h | *CSC Vista Alegre* | Almorzos e merendas saudables |
| 19 h | *CSC A Rocha* | Baile tradicional |
| **4 DE XANEIRO DE 2023** | | |
| 11 h | *CSC San Lourenzo* | Rapazada ioga |
| 12 h | *CSC O Ensanche* | Comedia dell´arte |
| 18 h | *CSC O Ensanche* | Cociña familiar |
| 19 h | *CSC Sar* | Percusión e canto tradicional |
| **7 DE XANEIRO DE 2023** | | |
| 18 h | *CSC Santa Marta* | Monicreques |
| **9 DE XANEIRO DE 2023** | | |
| 19.30 h | *CSC Vite* | Baile tradicional |
| **12 DE XANEIRO DE 2023** | | |
| 17 h | *CSC Vite* | Almorzos e merendas saudables |
| **13 DE XANEIRO DE 2023** | | |
| 18 h | *CSC Vite* | Obradoiro de galletas |

# Nadal sobre Rodas

DIVERSAS LOCALIZACIÓN DE COMPOSTELA

**DO 3 DE DECEMBRO AO 4 DE XANEIRO**

**Público Familiar ·De balde · Acceso libre ata completar a capacidade para os obradoiros**

Un incrible autobús inglés de dous pisos percorrerá os diferentes barrios da cidade con actividades lúdicas para toda a veciñanza. Non só poderás achegarte a el para sacar unha orixinal foto que enviar como felicitación nas festas senón tamén desfrutar dos obradoiros e demais programación de balde para todas as idades.  O Nadal en Compostela vai sobre rodas!

**Sábado 3 de decembro**
Praza Roxa, 11.30 e 18 h

**Domingo 4 de decembro**
Campo da festa do Castiñeiriño, 11.30 h ·  Pr. do Toural, 18 h

**Martes 6 de decembro**
Praza Roxa, 11.30 · Praza de Praterías, 18 h

**Xoves 8 de decembro**
Mercado de Salgueiriños, 11.30 h
Paseo Central da Alameda, 18 h

**Sábado 10 de decembro**
Cruceiro de San Pedro, 11.30 h · Praza 8 de marzo, 18 h

**Domingo 11 de decembro**
Colexiata de Sar, 11.30 h · Praza de Cervantes, 18 h

**Sábado 17 de decembro**
As Fontiñas (porta principal de Área Central), 11.30 h
Figueiras. Pistas deportivas da rúa do Vencello, 18 h

**Domingo 18 de decembro**
CSC da Gracia, 11 h · Praza da Quintana, 18 h

**Xoves 22 de decembro**
Praza do Toural, 11.30 · Praza da Constitución, 18 h

**Venres 23 de decembro**
Pr. Roxa, 11.30 h · Pr. Aurelio Aguirre. CSC de Conxo, 18 h

**Xoves 29 de decembro**
Mercado de Salgueiriños, 11.30 h · Praza Roxa, 18 h

**Venres 30 de decembro**
Campo da festa de Vista Alegre, 11.30
CSC de Santa Marta, 18 h

**Luns 2 de xaneiro**
Praza do Toural, 11.30 h · Praza Roxa, 18 h

**Martes 3 de xaneiro:**
Praza do Obradoiro, 11.30 e 18 h

**Mércores 4 de xaneiro**
Praza Roxa, 11.30 h · Praza de Cervantes, 18 h

+ INFO en comercio.santiagodecompostela.gal



somos MULTI SAN

CONCELLO DE SANTIAGO

# MULTI XOGO NADAL

DO 26 > DECEMBRO
AO 02 > XANEIRO

## MULTIUSOS FONTES DO SAR

gran tirolina > circuitos de inchables >
rocódromos > piscina de bolas >
simuladores > videoconsolas >
xogos interactivos > xogos populares >
karts > actividades deportivas > xogos Lego >
exhibicións > obradoiros > actuacións >

6€/persoa

**De 17.00h a 20.30h**

*(agás o 31 de decembro, aberto de 10.30h a 14.00h)*

MULTIUSOS.NET



CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN

## CAMPUS SAR NADAL

MULTIUSOS FONTES DO SAR

**DO 26 DE DECEMBRO AO 5 DE XANEIRO**

De 8.45 a 14.30 h · Público Infantil (4-16 anos)

Campamento multidisciplinar para conciliar durante o período de Nadal, con actividades deportivas para a cativada, piscina, obradoiros temáticos, inchables, xogos...

SEMANA DO 26 AO 30 DE DECEMBRO
49 € abonados/as ao Multiusos e Santa Isabel // 73 € non abonados/as

SEMANA DO 2 AO 5 DE XANEIRO
39 € abonados/as ao Multiusos e Santa Isabel // 59 € non abonados/as

Inscrición previa en recepción do Multiusos Fontes do Sar

+ INFO: www.multiusos.net

GRAN EVENTO DE LECER E ENTRETEMENTO

## MULTIXOGO DE NADAL

MULTIUSOS FONTES DO SAR

**DO 26 DE DECEMBRO AO 2 DE XANEIRO**

Aberto todos os días de 17 h a 20.30 h, a excepción do día 31 de decembro, aberto de 10.30 a 14 h

Público familiar

Prezo: 6 €/persoa. Menores de 2 anos non pagan. Os nenos/as deberán estar acompañados/as por un adulto

Entrada anticipada en Ataquilla ou o mesmo día no despacho de billetes do Multiusos Fontes do Sar

Un parque de atraccións de 3.500 m2 no Multiusos Fontes do Sar con actividades diversas para a cativada de entre 2 e 15 anos, nas que se inclúen gran tirolina, circuitos de inchables, rocódromos, piscina de bolas xigante, simuladores, videoconsolas, xogos interactivos, xogos populares, circuito de karts, actividades deportivas, actuacións, exhibicións, obradoiros temáticos de Nadal, zona de xogo de Lego e actividades especiais cada día (concertos didácticos, maxia, repostería, popits de Nadal, papiroflexia, contacontos, adornos con troncos, playmais...).

+ INFO: www.multiusos.net

ACCIÓN SOLIDARIA

## RECOLLIDA SOLIDARIA DE AGASALLOS NOVOS PARA CÁRITAS

MULTIUSOS FONTES DO SAR E COMPLEXO DEPORTIVO SANTA ISABEL

Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela

**Ata o 18 de decembro**

Un ano máis o Multiusos Fontes do Sar e o Complexo Deportivo Santa Isabel súmanse á campaña de recollida solidaria de Cáritas, coa esperanza de que sexan moitos os nenos e nenas que teñan a oportunidade de estrear xoguetes novos. Enlazando coa vocación de promover o deporte en todas as etapas da vida, dende as instalacións animamos á xente a participar aportando complementos ou xoguetes deportivos que poidan desfrutar rapaces e rapazas de 0 a 17 anos. Na recepción dos centros disporanse mesas para deixar os agasallos.



## XOVES, 1 DE DECEMBRO DE 2022

### CAIXA DOS DESEXOS
Centros Socioculturais
*Actividade de participación cidadá*
Dende o 1 de decembro ata o 5 de xaneiro
Todos os públicos · De balde
En cada CSC atoparás unha caixa onde poder deixar unha carta chea de desexos á personaxe de Nadal que máis che guste.

### DINAMIZACIÓN NO MERCADO DE SALGUEIRIÑOS
Explanada do Mercado
*Actividades para toda a familia*
Dous pases de 45 minutos de duración cada un deles
De 11.30 h e 12.15 h
Público familiar · De balde · Acceso Libre
Actuación da agrupación musical dos Bregadiers: ritmos swing, jazz e rock&roll, nunha formación brass band de experimentados músicos galegos de gran calidade musical e artística.
Programación completa en *comercio.santiagodecompostela.gal/*

### DIVERTIMENTO
### TEMPORADA DE ABONO DA RFG
Auditorio de Galicia
*Música clásica*
20.30 h · Público adulto · 75 min. · Prezo: 18 €



Beethoven ten unha nova parada na temporada da Real Filharmonía de Galicia onde poderemos escoitar o seu concerto para violín interpretado por Birgit Kolar baixo a dirección de Rubén Gimeno. Un programa que se completa con Béla Bartók.
19.45h_ Sala Mozart_Conversando con.... Rubén Gimeno
Entradas en liña en *compostelacultura.gal*. *Despacho de billetes da Zona C*. Punto de Información Cultural. De martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Tel.: 981 542 462. *Despacho de billetes do Auditorio de Galicia*. O día do espectáculo desde 1 h antes do comezo do mesmo. Tel.: 981 571 026. Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.
+ INFO: *www.compostelacultura.gal*

Compostela Cultura

## VENRES, 2 DE DECEMBRO DE 2022

### BELÉN TRADICIONAL & CSC NO NADAL EN SAN FIZ DE SOLOVIO
Igrexa de San Fiz de Solovio
Aberto do venres 2 de decembro ao xoves 5 de xaneiro
Público familiar · De balde · Acceso Libre
Máis información na páxina 11

### MERCADO DE NADAL
Carreira do Conde e Área Central
*Mercado de Nadal. Actividades para a infancia e a familia*
CARREIRA DO CONDE: Do 2 de decembro ao 5 de xaneiro
ÁREA CENTRAL: Do 23 de decembro ao 5 de xaneiro
De 12 a 14 e de 17 a 21.30 h. Pechado: 25 de decembro e 1 de xaneiro. Apertura só mañá os días 24 e 31 de decembro
Público familiar · De balde · Acceso Libre



Mercado de produtos de Nadal onde se poderán atopar postos de gastronomía gourmet e decoración propia da época (do 2 ao 24 de decembro); e artesanía, deseño e agasallo orixinal (do 26 de decembro ao 5 de xaneiro).
+ INFO na páx. 5 e en *comercio.santiagodecompostela.gal*, *mercadonadal.com* e na *conta de Facebook mercadonadalconcellodesantiago*

### LUCES E VOCES DA ALAMEDA
Paseo da Alameda
*Iluminación*
A partir das 18.30 h · Público familiar · Acceso Libre
+ INFO na páxina 7 e en *santiagoturismo.gal/nadal*



### LUZ E COR NA FACHADA DE SAN DOMINGOS DE BONAVAL
San Domingos de Bonaval
*Iluminación*
A partir das 18.30 h · Público familiar · Acceso Libre
+ INFO na páxina 9 e en *santiagoturismo.gal/ nadal*

### CARRUSEL
Praza do Obradoiro
*Carrusel de cabaliños*
Do 2 de decembro ao 31 de decembro
De 17.30 a 20.30 h · Público infantil · De balde
Pechado o día 25 de decembro
Carrusel de cabaliños de 10 metros de diámetro dirixido aos pequechos e pequechas da casa.
+ INFO na páxina 5

## SÁBADO, 3 DE DECEMBRO DE 2022

### NADAL SOBRE RODAS

Praza Roxa

**11.30 h:** Obradoiro de coctelería e aperitivos

**18 h:** Sesión musical a cargo de Espiño DJ. Elaboración de complementos para photocall

**Público familiar · De balde**

**Accesso Libre ata completar aforo para os obradoiros**

+ INFO na pax. 16 e no enlace *comercio.santiagodecompostela.gal*

### NA PROCURA DAS ESTRELAS DO NADAL

CSC de Cidade Histórica

*Xogo de rúa*

**12 h · Público familiar, a partir de 5 anos · De balde**

**Inscrición previa no centro sociocultural. Prazas limitadas**

Estrelado é un trasgo que chega no Nadal para marcar o camiño dos Reis Magos, ten unha misión moi importante pois é o encargado de colocar as estrelas no ceo para que cheguen ao seu destino. Necesita a axuda de familias que queiran botar unha man nunha xincana, con probas tanto para os máis pequenos coma para o seus acompañantes, que servirá para visitar lugares fermosos con historia nos que deixará unha estrela de Nadal.

### A GÁRGOLA DO MESTRE MATEO, DA XANELA DO MAXÍN

Centro Sociocultural de Santa Marta

*Teatro*

**18 h · 50 min. · Público infantil e familiar · De balde**

**Reserva de praza no 981543017**

A gárgola do Mestre Mateo (especial Nadal) enmárcase dentro dun proxecto social con base na cultura e na tradición propias. Nel achégaselle ao público familiar o teatro a través do vínculo coa música tradicional, nun espectáculo profesional multidisciplinar co que colaboran diferentes agrupacións folclóricas con música e escenas propias do Nadal galego.

## DOMINGO, 4 DE DECEMBRO

### NADAL SOBRE RODAS

Campo da Festa do Castiñeiriño: **11.30 h**

Obradoiro familiar de repostería de nadal

Praza do Toural: **18 h**

Sesión musical a cargo de Espiño DJ. Elaboración de complementos para photocall

**Público Familiar · De balde**

**Accesso Libre ata completar aforo para os obradoiros**

+ INFO na pax. 16 e no enlace *comercio.santiagodecompostela.gal*

### DO GÓTICO AO ART NOVEAU: VIAXE COA MÚSICA BRITÁNICA. CICLO: SONARTE. DECEMBRO, A ARQUITECTURA.

Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela

Teatro Principal

**12 h · Público adulto · De balde · Previa reserva · 60 min.**

Emprendemos unha viaxe pola música británica. Fabio Turra, como director convidado da Banda Municipal de Música, dirixe un programa con obras de Edward Gregson, Alessandro Vesella, Gordon Jacob, Johan Sebastian Bach, Gustav Holst, Henry VIII, Philip Sparke e Haydn Wood. Fabio Turra é gañador do 1° premio no *I Concurso de Dirección da BMSC*.

Compostela Cultura

Entradas en liña en *compostelacultura.gal*. Despacho de billetes da Zona C. De martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Despacho de billetes do Teatro Principal. unha 1 h antes do comezo do concerto.

+ INFO: *compostelacultura.gal* e en Facebook (BandaMunicipal-SantiagoCompostela), Twitter e Instagram (@BMSCompostela)

### A GÁRGOLA DO MESTRE MATEO

CSC de Grixoa: **12 h** · CSC de Laraño: **18 h**

**Duración: 50 min. · Público familiar · De balde**

*Teatro*

A gárgola do Mestre Mateo (especial Nadal) enmárcase dentro dun proxecto social con base na cultura e na tradición propias. Nel achégaselle ao público familiar o teatro a través do vínculo coa música tradicional, nun espectáculo profesional multidisciplinar co que colaboran diferentes agrupacións folclóricas con música e escenas propias do Nadal galego.

## MARTES, 6 DE DECEMBRO

### NADAL SOBRE RODAS

Praza Roxa: **11.30 h**

Obradoiro de coctelería e aperitivos

Praza de Praterías: **18 h**

Sesión musical a cargo de Espiño DJ. Elaboración de complementos para photocall

**Público familiar · De balde · Accesso Libre ata completar aforo**

+ INFO na pax. 16 e no enlace *comercio.santiagodecompostela.gal*

## XOVES, 8 DE DECEMBRO

### DINAMIZACIÓN NO MERCADO DE SALGUEIRIÑOS

Explanada do Mercado de Salgueiriños

*Actividades para toda a familia*

**De 11.30 h a 13.30 h · Público familiar · De balde**

Visita do autobús de Nadal sobre Rodas ao mercado: obradoiros e actividades para toda a familia.

+ INFO na pax. 16 e no enlace *comercio.santiagodecompostela.gal*

### NADAL SOBRE RODAS

Mercado de Salgueiriños: **11.30 h**

Obradoiro de velas e xabóns de nadal

Paseo Central da Alameda : **18 h**

Obradoiro de coctelería e aperitivos

**Público familiar · De balde · Accesso Libre ata completar aforo**

+ INFO na pax. 16 e no enlace *comercio.santiagodecompostela.gal*




## SÁBADO, 10 DE DECEMBRO DE 2022

### NADAL SOBRE RODAS

Cruceiro de San Pedro: **11.30 h**

Obradoiro familiar de repostería de nadal

Praza do 8 de Marzo : **18 h**

Sesión musical a cargo de Aparato DJs. Elaboración de complementos para photocall

**Público familiar · De balde · Accesso Libre ata completar aforo**

+ INFO na pax. 16 e no enlace *comercio.santiagodecompostela.gal*

### A GÁRGOLA DO MESTRE MATEO
Centro Sociocultural José Saramago de Vite
12 h · Público familiar · De balde
Reservar praza chamando ao 981542490
+ INFO na páxina 20

### CONTOS DE NADAL, DE CÉSAR NO
Centro Sociocultural de Nemenzo: 12 h
Centro Sociocultural de Cesar: 18.30 h
50 min. · Público a partir de 3 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 646 988 198
*Un Nadal en conto e cor*
Unha contada para festexar a chegada do nadal rodeados de aventuras, emocións e moitos animais. Unha entretida travesía onde os animais comezan a prepararse para vivir un novo final de ano con novas metas e propósitos. Vas perder esta viaxe?

### XOGAS!
CSC do Ensanche
12.30 h · 60 min. · Rapazada e mozos · De balde · Acceso libre
*Xogos de mesa*
Espazo de encontro para a rapazada para botar unha partida a xogos de mesa, coñecerse e divertirse.

### VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS
CSC de Nemenzo
*Contacontos*
13 h · 45 min. · Público infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas
Contacontos sobre a lenda da Apalpadora.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### A APALPADORA VOLVE POLO NADAL
CSC de Castiñeiriño
*Contacontos*
17.30 h · 45 min. · Público infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas
Contacontos musicado e teatralizado. A Apalpadora contará o seu increible e máximo viaxe do Courel ata Santiago.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### ALÉN, DE PASO DE VALVERDE
Centro Sociocultural de Santa Marta
*Fegateatro no Nadal*
18 h · 50 min. · Público a partir de 3 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 981543017
Alén ten como protagonista de novo a Chuquiño, un rapaz galego, que decide marchar á procura de súa tía a exploradora. Polo camiño pérdese e viaxa a través do mundo coñecendo países afastados e culturas moi diferentes á súa. Alén, un espectáculo de sombras para todos os públicos, é a nova proposta de Paso de Valverde que por primeira vez se mete no mundo dos monicreques e as sombras chinesas mediante un proceso de autoaprendizaxe na materia.

## DOMINGO, 11 DE DECEMBRO DE 2022

### NADAL SOBRE RODAS
Colexiata de Sar: 11.30 h
Obradoiro familiar de repostería de nadal
Praza de Cervantes: 18 h
Sesión musical a cargo de Aparato DJs. Elaboración de complementos para photocall
Público familiar · De balde · Accesso Libre ata completar aforo
+ INFO na pax. 16 e no enlace *comercio.santiagodecompostela.gal*

### A GÁRGOLA DO MESTRE MATEO
Centro Sociocultural de Bando
*Teatro*
18 h · 50 min. · Público familiar · De balde
+ INFO na páxina 20

### CONTOS DE NADAL, DE CÉSAR NO
Centro Sociocultural de Nemenzo
*Un Nadal en conto e cor*
12 h · 50 min. · Público a partir de 3 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 646 988 198
+ INFO na páx.15 (día 10/12/22)

## MARTES, 13 DE DECEMBRO DE 2022

### VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS
CSC de Marantes
*Contacontos sobre a lenda da Apalpadora*
13 h · Duración: 45 min. · Público infantil · De balde
Inscricións ata cubrir prazas.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

## MÉRCORES, 14 DE DECEMBRO DE 2022

### EXPOSICIÓN-PEQUENO MERCADO SOLIDARIO DE NADAL
Centro Sociocultural de Conxo
*Mercado-exposición de manualidades*
De 10 a 13.30 h e de 17 a 21.30 h
Acceso Libre · Todos os Públicos
Mostra dos traballos realizados no taller de terapia ocupacional do Psiquiátrico de Conxo.

### A HISTORIA DO APALPADOR-AVENTURAS DO NADAL, DE TÍTERES CACHIRULO
Centro Sociocultural José Saramago de Vite
*Monicreques con Títeres Cachirulo*
18.30 h · 50 min. · Público a partir de 3 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 981 542 490
O ladrón Pasmón rouba todo o que pode, nada o detén agora, aínda que por riba de males, anda detrás dos xoguetes das nenas e nenos do lugar ... Quen o impedirá?

### INAUGURACIÓN 'SEQUITUR' DE JULIA HUETE
Zona C
Aberta até o 11 de febreiro de 2023
19 h · Todos os públicos · De balde · Acceso Libre
*Artes visuais*




Sequitur é un proxecto artístico que contén pezas bidimensionais e tridimensionais, de madeira e tecido, que proceden da observación e da manipulación que Julia Huete realiza sobre formas e materiais relacionados co vestido. A artista segue liñas de investigación de traballos anteriores e fai referencia no título a esta continuidade.
O día da inauguración a sala abre ás 18.45 h. *Zona C. Punto de información cultural.* De martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Preguntoiro 1. Praza de Cervantes. Tel.: 981 542 462. O 24, 25 e 31 de decembro e os días 1 e 6 de xaneiro a sala permanecerá pechada
+ INFO: *www.compostelacultura.gal*

## XOVES, 15 DE DECEMBRO DE 2022

### EXPOSICIÓN-PEQUENO MERCADO SOLIDARIO DE NADAL

Centro Sociocultural de Conxo

*Mercado-exposición de manualidades*

De 10 a 13.30 h e de 17 a 21.30 h

Acceso Libre · Todos os Públicos

Mostra dos traballos realizados no taller de terapia ocupacional do Psiquiátrico de Conxo.

### DINAMIZACIÓN NO MERCADO DE SALGUEIRIÑOS

Explanada do Mercado

*Actividades para toda a familia*

11.30 h e 12.15 h · Público familiar · De balde

Dous pases de 45 minutos de duración

Actuación da agrupación Trío Detrés: música e gags cómicos para todos os públicos. Temas propios, versións de cancións populares, divertidos arranxos para un programa que transita por todos os estilos: latino, clásico, jazz, swing, bandas sonoras...

+ INFO na páxina 10 e en comercio.santiagodecompostela.gal

### COMENOITES, NAÚFRAGOS

Centro Sociocultural das Fontiñas

18.30 h · 40 min. · A partir de 2 anos · De balde

Reservar praza chamando ao 981 528 750

*Un Nadal en conto e cor*

Comenoites está baseado no álbum infantil escrito e ilustrado por Ana Juan (Premio Nacional de Ilustración). Unha bonita historia coa que os nenos e as nenas descubrirán o segredo de por que existen o día e a noite. Comenoites é un trasgo regordete que come todo tipo de noites para que o Sol poida saír cada día, traendo luz, calor e cor para todos. Unha noite a súa amiga a Lúa coméntalle que se está a poñer gordinflón e Comenoitess deixa de comer. Nunca volverá a saír o Sol! Tan só unha estrela pode abrirlle novamente o apetito. Ti tes unha estrela? Volverá a saír o Sol?

+ INFO no enlace *urdime.gal/espectaculos/comenoites*

### AS FAMES CONTADAS, DE ÁNGELES GOAS

Centro Sociocultural Cardeal Quiroga

*Un Nadal en conto e cor*

18.30 h · 60 min. · Público a partir de 13 anos · De balde

Reservar praza chamando ao 699 547 105

As fames contadas é un espectáculo de narración oral, composto por unha selección variada de contos propios e de tradición oral. O tema central é a fame, incluíndo non só a fame de comer se non outro tipo de fames que tamén temos os seres humanos. Comeza en torno á comida que se fai nunha casa para celebrar a festa. O feito de xuntarse á mesa provoca que se conten historias e sempre unhas van levando a outras. Así van saíndo as fames: de comer, de cariño, de aprender, de cartos,... fames que dunha maneira ou outra temos que saciar.

### O APALPADOR CONTRA O LADRÓN DE XOGUETES

CSC de O Ensanche

*Espectáculo de monicreques*

18.30 h · 60 min. · Público a partir de 3 anos · De balde

Inscrición previa no centro sociocultural. Prazas limitadas

O Apalpador ven visitarnos en compañía de todos os seus amigos, cunha nova e divertida aventura! O ladrón Pasmón rouba todo o que pode e agora anda tras os xoguetes dos nenos e nenas do Courel... quen o impedirá?

+ INFO: www.titerescachirulo.com

### VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS

CSC de Bando

18.30 h · 45 min. · Público infantil · De balde

Inscricións ata cubrir prazas

Contacontos sobre a lenda da Apalpadora.

Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### SERENATAS TEMPORADA DE ABONO DA RFG

Auditorio de Galicia

*Música clásica*

20.30 h · Público adulto · 65 min. · Prezo: 15 €



O mestre Paul Daniel dirixe o seu derradeiro programa como director artístico titular da Real Filharmonía de Galicia nun concerto con obras de Dvorak, Strauss e Chaikovski.

19.45h_ Sala Mozart_Conversando con.... Paul Daniel

Compostela Cultura

Entradas en liña en *compostelacultura.gal. Despacho de billetes da Zona C.* Punto de Información Cultural. De martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Tel.: 981 542 462. *Despacho de billetes do Auditorio de Galicia.* O día do espectáculo desde 1 h antes do comezo do mesmo. Tel.: 981 571 026. Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.

+ INFO: *www.compostelacultura.gal*

## VENRES, 16 DE DECEMBRO

### EXPOSICIÓN-PEQUENO MERCADO SOLIDARIO DE NADAL

Centro Sociocultural de Conxo

*Mercado-exposición de manualidades*

De 10 a 13.30 h e de 17 a 21.30 h

Acceso Libre · Todos os Públicos

Mostra dos traballos realizados no taller de terapia ocupacional do Psiquiátrico de Conxo.

### 11° MERCADO DA ESTRELA

Praza 8 de Marzo · Claustro procesional de San Martiño Pinario· Centro Don Bosco · Centro Social Abanca da Praza de Cervantes

*Festival urbán de Nadal*

Todos os públicos · De balde · Acceso libre ata completar aforo

Case un centenar de marcas de artesanía, moda, ilustración, xoguetes, fotografía, deseño, decoración, produtos enogastronómicos, últimas tendencias e moito máis, nunha feira creativa contemporánea que completa a súa proposta con foodtrucks, postos de restauración e un atractivísimo programa de concertos, sesións picadiscos e obradoiros deseñado para gozar da creatividade e do tempo compartido.

Zona Foodtruck con DJs e oferta de restauración na praza 8 de Marzo de 14 h a 00 h. Feira Creativa de Agasallos de Nadal con gardería ludoteca e obradoiros no 2° andar do Centro Social Abanca na Praza de Cervantes, no claustro procesional do mosteiro de San Martiño Pinario e na "Hospedería San Martiño Pinario" de 17 a 21 h. Programación musical, Bingo de Nadal, Fotomatón estreleiro e oferta gastronómica na pista cuberta do Centro Don Bosco de 19 a 01 h

+ INFO na páxina 6 e evento na conta de Facebook

### O TRANVÍA LEONARDO, DE FANTOCHES BAJ

Centro Sociocultural do Romaño

*Un Nadal en conto e cor*

18 h · 50 min. · A partir de 3 anos · De balde

Reservar praza chamando ao 981 543 005

O tranvía Leonardo é un espectáculo de narración oral para a infancia con marionetas e música no que se conta a historia do primeiro tranvía a vapor de Galicia, que, como era lento, sucio, pequeno, estreito e descarrilaba a miúdo, foi motivo de mofa e protagonista de innumerables cancións e anécdotas. A música é o fío condutor deste espectáculo no que se cantan acompañados de caixa de música e reque reque as seguintes cancións: Caramba!, O trole do tranvía, Chucurruchú, O miudiño, Tango do billete, Romance de Guillermo, A Maturragaina e O trabalinguas das trisílabas. Estas cancións e historias son interpretadas con axudas de monicreques de luva como o conto de O rillote rillado, o bunraku de Echegaray, o fantoche do "loro Ravachol", as mozas de papel de Maturrangaina ou o cartelón de cego do Romance de Guillermo.

### VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS

CSC Lavacolla

19.30 h · 45 min. · Público infantil · De balde

Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas

Contacontos sobre a lenda da Apalpadora.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### X CONCERTO "NADAL SOLIDARIO"

Capela xeral de Ánimas

19.30 h · 120 min. · Todos os públicos · De balde

Entrada libre con doazón voluntaria

As corais Coto da nai, Armonia Estellae, La Salle e Santa Susana ofrecen un concerto benéfico a favor da cociña económica e o albergue de San Francisco.

## SÁBADO, 17 DE DECEMBRO DE 2022

### MERCADO DE INTERCAMBIO DE XOGO E XOGUETE

Praza Aurelio Aguirre (En caso de chuvia CSC de Conxo)

*Mercado de troco*

De 11.30 a 14.30 h · Público familiar · De balde

Acceso mediante inscrición previa no CSC. Prazas limitadas

Un espazo de intercambio, sen usar diñeiro, de libros, xogos e xoguetes que estean en bo estado e que xa non usen por outros que lles gusten máis.

### NADAL SOBRE RODAS

As Fontiñas (porta principal de Área Central): 11.30 h

Obradoiro familiar de repostería de nadal

Figueiras. Pistas deportivas da rúa do Vencello: 18 h

Obradoiro familiar de repostería de nadal

11.30 h · Público familiar · De balde

Accesso Libre ata completar aforo para os obradoiros

+ INFO na páxina 16 e en *comercio.santiagodecompostela.gal*



### 11º MERCADO DA ESTRELA
Praza 8 de Marzo · Claustro procesional de San Martiño Pinario· Centro Don Bosco · Centro Social Abanca
*Festival urbán de Nadal*
**Todos os públicos · De balde · Acceso libre ata completar aforo**
Zona Foodtruck de 12 a 00 h. Feira Creativa de 17 a 21 h.
Actividades na pista cuberta do Centro Don Bosco de 13 a 01 h
+ INFO na páxina 6 e evento na conta de Facebook

### O APALPADOR CONTRA O LADRÓN DE XOGUETES
Pr. Aurelio Aguirre de Conxo (En caso de chuvia CSC Conxo)
**12 h · 50 min. · Público a partir de 3 anos · De balde**
**Acceso ata cubrir aforo**
+ INFO na páxina 22 e en www.titerescachirulo.com

### A GÁRGOLA DO MESTRE MATEO
Centro Sociocultural de Villestro
**12.00 h · 50 min. · Público familiar · De balde**
+ INFO na páxina 20

### XOGAS!
CSC do Ensanche
*Actividade: Xogos de mesa*
**12.30 h · Rapazada e mozos · 60 min. · De balde**
Espazo de encontro para a rapazada para botar unha partida a xogos de mesa, coñecerse e divertirse.

### VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS
CSC de Nemenzo
*Manualidades e visita da apalpadora*
**13 h · 45 min. · Público infantil · De balde**
**Tipo de acceso: inscricións ata cubrir prazas.**
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### ENTRE BECHOS ANDA O CONTO, DE TONE MARTÍNEZ
Centro Sociocultural de Amio
*Un Nadal en conto e cor*
**18 h · 40 min. · Público a partir de 4 anos · De balde**
**Reservar praza chamando ao 981 560 318**
Entre bechos anda o conto é unha sesión de narración oral na que o noso protagonista, Tone Martínez, nos mergulla nos diferentes bichos e bechos que hai na nosa natureza e como estes son fundamentais para conservar o noso medio ambiente. O respecto polo medio, o coidado dos animais, a amizade ou os prexuízos son temas que están presentes en Entre bechos anda o conto, un espectáculo no que se combina a narración oral co teatro de monicreques.

### O TRANVÍA LEONARDO, DE FANTOCHES BAJ
Centro Sociocultural de Casa Agraria
**18 h · 50 min. · Público a partir de 3 anos · De balde**
**Reservar praza chamando ao 981 575 533**
+ INFO na páxina 23

### AS HISTORIAS DE BEMOL PEQUENO, DE MÚSICA MIÚDA
Centro Sociocultural de Santa Marta
*Un Nadal en conto e cor*
**18 h · 40 min. · Público a partir de 4 anos · De balde**
**Reservar praza chamando ao 981 543 017**
Contacontos musical, polo que camiñan personaxes como a Meiga Xela, o dinosauro Pepón ou a Banda do Carballo. Todos os contos e cancións son de creación propia e buscan ensinar á rapazada conceptos musicais básicos como o volume, as notas musicais ou as familias de instrumentos. Ven bailar e cantar connosco! Na vila de Bemol Pequeno a música nunca para! Ou si? Ven resolver o misterio da música desaparecida da man da Meiga Xela. Canta co dinosauro Pepón e baila ao ritmo da Banda do Carballo!

### CINEMA MARABILLAS CON RAQUEL QUEIZÁS
Centro Sociocultural de Conxo
*Espectáculo de contacontos e teatro*
**18.30 h · 50 min. · A partir de 5 anos · De balde ata cubrir aforo**



REDE CULTURAL Deputación DA CORUÑA

Gozaremos vendo as primeiras adaptacións cinematográficas inspiradas nos contos marabillosos e nos libros clásicos da literatura. Alicia no pais das marabillas, Peter Pan, O Mago de Oz, Polgariño…, as protagonistas destas historias son nenas e nenos que teñen preocupacións e reflexionan sobre o mundo no que viven. Non faltará aventura, humor, misterio, tenrura, maxia, fantasía e sobre todo moita imaxinación.
**+ INFO:** *www.raquelqueizas.com/cinema-marabillas*

### ESTRAFALARIA, DE XAROPE TULÚ
Centro Sociocultural de Marantes
*Un Nadal en conto e cor*
**18.30 h · 40 min. · A partir de 4 anos · De balde**
**Reservar praza chamando ao 646 988 198**
Contacontos que combina a narración oral coa manipulación de obxectos. A rapazada asistente poderá participar no relato activamente, apoiando a acción da narradora, que conta a historia de varias personaxes femininas que deciden gobernar as súas vidas sen necesidade dun personaxe masculino que as rescate. Algunhas destas historias son extraídas do libro Contos ao teléfono do mestre da fantasía Gianni Rodari. Neste espectáculo, tentaremos poñer en valor as diferenzas que existen entre nós, concibíndoas como algo positivo e enriquecedor. Para isto servímonos da fantasía propia dos contos. Alicia collera por costume escorregar por calquera buraco, sen importarlle o profundo, escuro ou sinuoso que sexa. Á meniña déralle por ler todo canto libro lle caía nas mans. A avoa dicía que as miñas amigas eran raras, mais eu sempre pensei que iso de ser rara é moi relativo. Que dis, apetéceche escoitar as nosas rarezas?

## O MEDO É LIBRE, DE ÁNGELES GOÁS

Centro Sociocultural de Grixoa

*Un Nadal en conto e cor*

18.30 h · 60 min. · A partir de 13 anos · De balde

Reservar praza chamando ao 646 988 198

Espectáculo de narración oral composto por unha selección variada de contos propios e de tradición oral. Trata a temática do medo, unha emoción que coñecemos por térmola atopado nalgún momento da nosa vida. Os contos recollidos nesta sesión son historias de vida que nos falan dos medos que conviven con nós no día a día, que nos moven ou nos paralizan. Aínda así, eles non teñen a última palabra, porque o medo é libre, si..., pero nós podemos decidir que grao de liberdade queremos darlle.

## VISITA DA CARROZA DE PAPÁ NOEL

CSC de Laraño

De 18.30 a 20.30 h · Público familiar · Entrada libre · De balde

## SÉS PRESENTA 'DIANTE UN ECO'

Auditorio de Galicia




20.30 h . Público adulto. Prezo: 21 €

SÉS, acompañada de toda a súa banda presenta Diante un eco, oitavo traballo discográfico da cantautora galega. Un título que fai referencia á concepción cíclica da historia, tristemente avalada pola deriva sociopolítica dos nosos días.

Compostela Cultura

Entradas ataquilla.com e despacho de billetes do Auditorio de Galicia o día do espectáculo desde 1 h antes do comezo do mesmo.
Tel.: 981 571 026

# DOMINGO, 18 DE DECEMBRO

## NADAL SOBRE RODAS

CSC da Gracia: 11 h

Obradoiro familiar de repostería de nadal

Praza da Quintana: 18 h

Sesión musical a cargo de Aparato DJs. Elaboración de complementos para photocall

11.30 h · Público familiar · De balde

Accesso Libre ata completar aforo para os obradoiros

+ INFO na páxina 16 e en *comercio.santiagodecompostela.gal*

## 11° MERCADO DA ESTRELA

Praza 8 de Marzo · Claustro procesional de San Martiño Pinario· Centro Don Bosco · Centro Social Abanca da Praza de Cervantes

*Festival urbán de Nadal*

Todos os públicos · De balde · Acceso libre ata completar aforo

Zona Foodtruck de 12 a 22 h. Feira Creativa de 11 a 21 h.
Actividades na pista cuberta do Centro Don Bosco de 13 a 01 h

+ INFO na páxina 6 e evento na conta de Facebook

## O ARQUIVO DO CHIBO, DE OS CONTOS DE PABLÍSIMO

Centro Sociocultural de Marrozos

12 h · 40 min. · A partir de 4 anos · De balde

Reservar praza chamando ao 646 988 198

*Actividade: Un Nadal en conto e cor*

"Hai que conta ovellas para durmir...eu conto chibos". O arquivo do chibo é unha fabulación libre arredor do conto clásico dos 7 cabuxos e o lobo. Ollaremos nos Arquivos do chibo e atoparemos cantigas de lobos esfameados, fábulas de carneiros teimudos e a historia de sete cabuxiños desobedientes. Un teatriño con múltiples xanelas e espazos serven de viñetas para monicreques, xoguetes, sombras... e moita cachifallada.

## ECLETICISMO PARISINO

### Ciclo: Sonarte. Decembro, a arquitectura

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teatro Principal

*Música*

12 h · Público adulto · De balde · Previa reserva · 60 min.



A Banda Municipal de Música, dirixida por David Fiuza, interpreta obras de Martin Ellerby, Norman Dello Joio e Serge Lancen que reflicten o eclecticismo estilístico da arquitectura de París a través da súa historia. José Luis Vázquez Vidal, tuba (solista).

Entradas en liña en *compostelacultura.gal.*

Despacho de billetes da Zona C. Despacho de billetes do Teatro Principal una hora antes.

Compostela Cultura

+ INFO: *compostelacultura.gal* e en Facebook (BandaMunicipalSantiagoCompostela), Twitter e Instagram (@BMSCompostela)

## A APALPADORA VOLVE POLO NADAL

CSC Marrozos: 13.15 h · CSC Bornais: 18.30 h · CSC Verdía: 19 h

+ INFO na páxina 21

## O TRANVÍA LEONARDO, DE FANTOCHES BAJ.

Centro Sociocultural de Verdía

*Un Nadal en conto e cor*

18 h · 50 min · A partir de 3 anos · De balde

Reservar praza chamando ao 981 575 533

+ INFO na páxina 23

## VISITA DA CARROZA DE PAPÁ NOEL

Campo da festa de Santa Lucía

De 18.30 a 20.30 h. · Público familiar · Entrada libre · De balde



**ROUPA TENDIDA, DE XAROPE TULÚ**
Centro Sociocultural de O Eixo
*Un Nadal en conto e cor*
18.30 h · 40 min. · A partir de 4 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 646 988 198
Espectáculo que combina narración oral coa manipulación de obxectos. Nesta proposta tentamos achegar entre si dous mundos: a literatura de tradición oral e a literatura contemporánea, combinando ambos os repertorios e procurando que dialoguen entre si. Contar hoxe os contos de onte permítenos reflexionar sobre as nosas crenzas, observalas coa perspectiva do tempo e verbalizalas desde a visión daquelas pequenas que medraron. Contamos o pasado para construír o futuro!

## LUNS, 19 DE DECEMBRO DE 2022

**VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS**
CSC de Fontiñas: 18.30 h
CSC A Peregrina: 19.30 h
*Contacontos*
45 min · Público infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas
Contacontos sobre a lenda da Apalpadora.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

**FESTA, DE IRIA PINHEIRO E COMPAÑÍA ELÉCTRICA**
CSC da Peregrina
*Un Nadal en conto e cor*
18.30 h · 40 min · A partir de 4 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 646 988 198
Iria Pinheiro fai unha festa de contos nos que a diversidade é o fío condutor. Unha contada poética e alegre baseada no teatro de obxectos que fará sorrir a crianzas e maiores. Sopas insólitas, vacas que poñen ovos e amizades únicas son parte dos ingredientes das divertidas historias representadas nesta peza.

## MARTES, 20 DE DECEMBRO DE 2022

**A APALPADORA VOLVE POLO NADAL**
CSC Casa Agraria
*Contacontos*
17.30 h · 45 min. · Público infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas.
+ INFO na páxina 21
Actividade de continuidade na sesión de intercambio

**VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS**
CSC de Marantes
*Manualidades e visita da apalpadora*
18.30 h · 45 min. · Público infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas
Manualidades con materiais naturais e visita da apalpadora.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### A CAIXA SEN PANDORA, DE TEATRO GHAZAFELHOS
Centro Sociocultural de Vite
*Un Nadal en conto e cor*
18.30 h · 40 min. · A partir de 4 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 981 542 490
É este unha historia interactuada con Montse Piñón e Pepablo Patinho que plantexa: que pasaría se Pandora no abrira a caixa... É este un repaso divertido das distintas mulleres universais en xeral e galegas en particular que decidiron romper coa norma establecida e abrir a súa propia caixa iniciando un movemento imparable pola igualdade... e ó final... quereremos nós abrir a nosa propia caixa?

### A APALPADORA VOLVE POLO NADAL
CSC de Cidade Histórica
*Contacontos*
19 h · 45 min. · Público infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas.
+ INFO na páxina 21
Actividade de continuidade na sesión de intercambio

## MÉRCORES, 21 DE DECEMBRO DE 2022

### VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS
CSC das Fontiñas
*Manualidades e visita da apalpadora*
18.30 h · 45 min. · Público infantil · De balde
Acceso inscricións ata cubrir prazas
Manualidades con materiais naturais e visita da apalpadora.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### A HISTORIA DO APALPADOR-AVENTURAS DO NADAL, DE TÍTERES CACHIRULO
Centro Sociocultural de Santa Marta
18.30 h · 50 min. · A partir de 3 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 981 543 017
+ INFO na páxina 21

### ROSA E AZUL, DE PÉREZ&FDEZ
Centro Sociocultural de Villestro
*Un Nadal en conto e cor*
18.30 h · 40 min. · A partir de 4 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 646 988 198
Sesión de contos teatralizados que celebra a diversidade e rompe cos estereotipos de xénero e co binarismo imposto dende que nacemos. A través da manipulación de xoguetes e monicreques artesáns, mesturaremos historias reais con contos de ficción que xiran en torno ao respecto, o amor, a tolerancia e a diversidade.

### VICIO HOUBO SEMPRE, DE ATENEA GARCÍA
Centro Sociocultural de Sar
*Un Nadal en conto e cor*
19.30 h · 50 min · A partir de 15 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 699 547 105
Dunha volta fomos recollerlle as historias da vida toda a Aurorita de Allaríz. Chegara aos nosos oídos que era unha gran contadora e que nos recibiría con moito gusto. Na súa casa, entre viño e papatoria, sendo todas mulleres de arredor rematamos por falar do importante, do vicio. A conversa comezou coa frase de Aurorita: "vicio houbo sempre, grazas a Deus! Mais Aurorita non foi a única que nos falou do desexo, do pracer e de todas esas cousas supostamente prohibidas.

## XOVES, 22 DE DECEMBRO DE 2022

### DINAMIZACIÓN NO MERCADO DE SALGUEIRIÑOS
Explanada do Mercado
*Actividades para toda a familia*
Dous pases de 45 minutos de duración cada un deles
De 11.30 h e 12.15 h · Público familiar · De balde · Acceso Libre
Actuación da agrupación musical Brassica Rapa: primeira fanfarria do país 100% feminina. Reivindican a presenza da muller e levan a frescura alá onde os seus ritmos chegan.
+ INFO na páxina 10 e en comercio.santiagodecompostela.gal

### NADAL SOBRE RODAS
Praza do Toural: 11:30 h
Obradoiro de velas e xabóns de nadal
Praza da Constitución: 18 h
Obradoiro familiar de repostería de nadal
Público familiar · De balde · Accesso Libre ata completar aforo
+ INFO na páxina 16 e no enlace *comercio.santiagodecompostela.gal*

### VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS
CSC de San Lourenzo: 18 h · CSC do Ensanche: 18.30 h
18 h · 45 min · Público infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas.
Contacontos sobre a lenda da Apalpadora.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### ROUPA TENDIDA, DE XAROPE TULÚ
Centro Sociocultural de Bando
18.30 h · 40 min · A partir de 4 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 646988198
+ INFO na páxina 25

### CARABRANCA, DE IRIA PINHEIRO E COMPAÑÍA ELÉCTRICA
Centro Sociocultural de Conxo
*Un Nadal en conto e cor*
19 h · 40 min. · A partir de 4 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 981528740
Carabranca é unha nena pirata que logra todo o que se propón, desafiando calquera perigo marítimo e terrestre. A partir do teatro de obxectos, a actriz conta unha historia na que se entrelazan as aventuras co ánimo de superación e valores que fomentan a igualdade

### VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS
CSC de Bando
*Manualidades e visita da apalpadora*
19.30 h · 45 min · Público infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas
Manualidades con materiais naturais e visita da apalpadora.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

## VENRES, 23 DE DECEMBRO

### NADAL SOBRE RODAS
Praza Roxa: 11.30 h
Obradoiro de velas e xabóns de nadal
Praza Aurelio Aguirre. CSC de Conxo: 18 h
Obradoiro familiar de repostería de nadal
Público familiar · De balde · Accesso Libre ata completar aforo
+ INFO na páxina 16 e no enlace *comercio.santiagodecompostela.gal*

### VISITA DA PAXE DE NADAL
CSC de Santa Marta
*Contacontos musicado*
17.30 h · 45 min · Público infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.



**VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS**

CSC Antón Fraguas: 18 h · CSC de Busto: 18.15 h
45 min · Público infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas
Contacontos sobre a lenda da Apalpadora.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

**PRÍNCIPAS E PRINCESOS, DOS CONTOS DE PABLÍSIMO**

Centro Sociocultural de Pontepedriña
*Un Nadal en conto e cor*
18.30 h · 40 min · A partir de 4 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 699547105
Faise saber que se buscan príncipes rosas..., e princesas azuis! Faise saber que ides escoitar contos de valentes princesas enfrontándose a dragóns e de príncipes que lavan a roupa e pasan o ferro! Son contos de príncipas e princesos. Unha reflexión sobre a igualdade a través de contos atípicos de príncipes e princesas da man de Pablo Sánchez "Pablísimo", un dos contadores de referencia do panorama galego.

**ESTRAFALARIA, DE XAROPE TULÚ**

CSC de Busto
18.30 h · A partir de 4 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 646988198
+ INFO na páxina 24

Compostela Cultura **VISITA DA CARROZA DE PAPÁ NOEL**

CSC A Gracia
De 18.30 a 20.30 h. · Público familiar · Entrada libre · De balde

**A APALPADORA VOLVE POLO NADAL**

CSC de Amio: 18.30 h · CSC de Conxo: 19 h
45 min · Público infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas.
Contacontos musicado e teatralizado. A Apalpadora contará o seu increible e máxico viaxe do Courel ata Santiago.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

**CONTOS DE NADAL, DE CÉSAR NO**

Centro Sociocultural da Gracia
19 h · 50 min. · A partir de 3 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 646988198
+ INFO na páxina 21

**DESEÑOS NEOIORQUINOS**
**CICLO: SONARTE. DECEMBRO, A ARQUITECTURA.**

Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela
Banda Sinfónica Galega
Auditorio de Galicia
20 h · 60 min. · Público adulto · De balde · Previa reserva
David Fiuza dirixe á Banda Municipal de Música de Santiago nun programa con obras dos compositores Johan de Meij e Serge Lancen nas que sentimos a arquitectura sonora dos deseños neoiorquinos

Compostela Cultura
Entradas en liña en *compostelacultura.gal*. Despacho de billetes da Zona C. Despacho de billetes do Teatro Principal 1 h antes.
+ INFO: *compostelacultura.gal* e en Facebook (BandaMunicipalSantiagoCompostela), Twitter e Instagram (@BMSCompostela)

## LUNS, 26 DE DECEMBRO DE 2022

### CAMPUS SAR NADAL
Multiusos Fontes do Sar
*Campamento*
Do 26 de decembro ao 5 de xaneiro
De 8.45 a 14.30 h
Público infantil · consultar prezos · Inscrición previa en recepción do Multiusos Fontes do Sar
Campamento multidisciplinar para conciliar durante o período de Nadal, con actividades deportivas para a cativada, obradoiros temáticos.
+ INFO en www.multiusos.net

### MULTIXOGO NADAL
Multiusos Fontes do Sar
*Parque de atraccións de 3500 m² para o público familiar*
Do 26 de decembro ao 3 de xaneiro
Aberto todos os días de 17 a 20.30 h, a excepción do día 31 de decembro, aberto de 10:30 a 14 h · Público familiar · Prezo: 6 € /persoa. Menores de 2 anos non pagan · Entrada anticipada en Ataquilla ou o mesmo día no despacho de billetes do Multiusos Fontes do Sar.
Actividades destacadas do día con aforo limitado:
**17.30 h** Concerto didáctico cancións de Nadal con *A Casa do Rock*
**19 h** Concerto didáctico de cancións de Nadal con *A Casa do Rock*
Obradoiro de adornos con troncos.
Obradoiro de papiroflexia
+ INFO na páxina 17

### VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS
CSC A Peregrina
*Manualidades e visita da apalpadora*
18.30 h · 45 min · Público infantil · De balde
Inscricións ata cubrir prazas
Manualidades con materiais naturais e visita da apalpadora.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

## MARTES, 27 DE DECEMBRO DE 2022

### MULTIXOGO NADAL
Multiusos Fontes do Sar
Aberto de 17 h a 20.30 h · Público familiar
*Gran evento de lecer e entretenemento para a cativada*
Actividades destacadas do día con aforo limitado:
**18 h** Maxia infantil con Jorjus el Magnificus
**18 h** Actividade en inglés Christmas with Flying Fun
Obradoiro de decoración con escuma PlayMais
Obradoiro de Pop Its de Nadal
+ INFO na páxina 17

### NA PROCURA DAS ESTRELAS DO NADAL
CSC do Ensanche
*Xogo de rúa*
18 h · Público familiar, a partir de 5 anos · De balde
Inscrición previa no centro sociocultural
Estrelado é un trasgo que chega no Nadal para marcar o camiño dos Reis Magos. Ten unha misión moi importante pois é o encargado de colocar as estrelas no ceo para que cheguen a destino. Necesita a axuda de familias que queiran botar unha man nunha xincana con probas, tanto para os máis pequenos como para o seus acompañantes, que servirá para visitar lugares fermosos con historia nos que deixará unha estrela de Nadal.

### VISITA DA PAXE DE NADAL
CSC de Vite
*Contacontos musicado*
18 h · 45 min. · Público infantil · De balde



### MARCHO QUE TEÑO QUE MARCHAR, DE BEA CAMPOS

Centro Sociocultural da Rocha

*Un Nadal en conto e cor.*

**19 h · 50 min Persoas adultas, a partir de 15 anos · De balde**

**Reservar praza chamando ao 699547105**

Divertida sesión de contos pero tamén é un momento para a reflexión sobre os roles establecidos, a igualdade, e a perspectiva de xénero. É un cesto de contos feito con mimbres de muller, xa que elas son as protagonistas. Dende meigas artúricas ata avoas misteriosas... E se mirades para os lados seguro que coñecedes máis mulleres de conto, protagonista dunha boa historia.

## MÉRCORES, 28 DE DECEMBRO DE 2022

### MULTIXOGO NADAL

Multiusos Fontes do Sar

**Aberto de 17 h a 20.30 h · Público familiar**

*Parque de atraccións de 3500 m² para o público familiar*

**Actividades destacadas do día con aforo limitado:**



**17.30 h** Concerto didáctico cancións de Nadal con *A Casa do Rock*

**19 h** Concerto didáctico de cancións de Nadal con *A Casa do Rock*

Obradoiro de adornos con pinzas

Obradoiro de Nadal con material de refugallo

+ INFO na páxina 17

### A APALPADORA VOLVE POLO NADAL

CSC de Conxo

*Contacontos musicado e teatralizado*

**18.30 h · 45 min. · Público Infantil · De balde**

**Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas.**

+ INFO na páxina 21

## XOVES, 29 DE DECEMBRO DE 2022

### DINAMIZACIÓN NO MERCADO DE SALGUEIRIÑOS

Explanada do Mercado

*Actividades para toda a familia*

**De 11.30 h a 13.30 h · Público familiar · De balde**

Visita do autobús de Nadal sobre Rodas ao mercado: obradoiros e actividades para toda a familia

+ INFO na páxina 10 e en comercio.santiagodecompostela.gal/

### NADAL SOBRE RODAS

Mercado de Salgueiriños: **11 h**

Sesión musical a cargo de Aparato DJs. Elaboración de complementos para photocall

Praza Roxa: **18 h**

Sesión musical a cargo de Aparato DJs. Elaboración de complementos para photocall

**Público familiar · De balde · Accesso Libre ata completar aforo**

+ INFO na páxina 16 e en *comercio.santiagodecompostela.gal*

### MULTIXOGO NADAL

Multiusos Fontes do Sar

*Parque de atraccións de 3500 m² para o público familiar*

**Aberto de 17 h a 20.30 h · Público familiar**

**Actividades destacadas do día con aforo limitado:**

**18 h** Actuación de maxia con Kiko Carrolo

Obradoiro de postais con goma eva

Obradoiro de papiroflexia de Nadal

Obradoiro de robótica con Lego

Exposición de modelos de Lego xogables

+ INFO na páxina 17

### VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS

CSC San Lourenzo

*Manualidades con materiales naturais e visita da apalpadora*

**18 h · 45 min. · Público Infantil · De balde**

**Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas**

Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### O CASTIÑEIRO DO APALPADOR, DE FANTOCHES BAJ

Centro Sociocultural do Ensanche

*Un Nadal en conto e cor*

**18.30 h · 50 min. · A partir de 3 anos · De balde**

**Reservar praza chamando ao 981 543 001**

O Apalpador é un carboeiro pobre cuxas únicas propiedades son un castiñeiro e un magosteiro. A súa grande preocupación é conseguir que os cativos non lle rouben as castañas. Ata que un día, se lle presenta na carboaría unha velliña aterecida de frío e de fame. El, compadecido, ofrécelle teito e castañas do seu magosto. A velliña que é unha meiga, ante a súa bondade, ofrece cumprirlle tres desexos e o Apalpador, movido pola súa teima máis inmediata, pide que quen toque o seu castiñeiro quede pegado para sempre nel, que quen colla as castañas do chan o engula a terra e quen meta a man no seu magosteiro quede dentro encarcerado. Con estes tres desexos conseguirá sen embargo vencer á Morte. O gobernador do mundo ao ver os efectos devastadores da desaparición da morte obrigará ao Apalpador a ceibala. E o Apalpador ceibaraa pero antes asegurarase de que a el non lle toque xamais. Convertido nun ser inmortal, liberado da necesidade de comer, e vendo que as castañas se lle estragan todos os anos, decide repartírllelas aos nenos e nenas que pasan fame. Por iso, desde aquela, percorre o mundo apalpando as barrigas dos nenos e deixando unha presiña das castañas do seu castiñeiro a aqueles que a teñen valeira.

## VENRES, 30 DE DECEMBRO DE 2022

### FESTA DO APEGO

Auditorio de Galicia

**Público infantil (de 0 a 6 anos) · De balde**

**Acceso libre ata completar a capacidade en cada actividade**

Música, xogos, contos, danza, recursos..., moitas propostas para achegarmos a crianza á cultura e ao lecer en galego durante a última festa do ano.

**RECURSOS EDUCATIVOS ALÍ.** ***Fabaloba***

Recibidor

**De 12 h a 14 h e de 16 a 19 h**

Mostra comentada para toda a familia

**RECURSOS PARA A IGUALDADE.** ***Atlantic Ponte***

Recibidor

**De 12 h a 14 h e de 16 a 19 h**

Mostra comentada para as persoas adultas

**XOGOS DE MESA.** ***Brazolinda***

Recibidor

**De 12 h a 14 h e de 16 a 19 h**

Experimentación para toda a familia

**SONS DO BERCE. *A Cova das Letras***
Sala Ángel Brage
Dúas sesións: 12 e 12.45 h
Espectáculo escénico e musical para menores de 3 anos

**COMERÁ O BEBÉ?. Cris de Caldas**
Sala de exposicións
12.30 h · A partir de 6 meses
Contos

**PAXARO AMIGO (MÚSICAS PARA A PAZ). Mamá Cabra**
Sala Mozart
13 h · Público familiar
Música e teatro (última representación)

**ARMADANZAS**
Sala de exposicións
Dúas sesións: 16.30 e 18 h
Obradoiro para toda a familia

**SILFORIÑA. Golfiños**
Sala Mozart
17 h · Público familiar
Estrea musical

**HISTORIAS DESDE O OUTRO LADO DA RAIA. Dani Blanco**
Sala de exposicións
17 h · Público familiar
Contos

**A PALLASA PALLASINI. Olga Abad**
Sala de exposicións
18 h · Público familiar
Contos

**30 ANOS CANTANDO CON MIGALLAS. Migallas**
Sala Ángel Brage
19 h · Público familiar
Concerto familiar




**NADAL SOBRE RODAS**
Campo da festa de Vista Alegre: 11.30 h
Obradoiro de velas e xabóns de nadal
CSC de Santa Marta: 18 h
Obradoiro familiar de repostería de nadal
Público familiar · De balde · Accesso Libre ata completar aforo
+ INFO na páxina 16 e en *comercio.santiagodecompostela.gal*

**MULTIXOGO NADAL**
Multiusos Fontes do Sar
*Parque de atraccións de 3500 m² para o público familiar*
Aberto de 17 h a 20.30 h
Público familiar
Actividades destacadas do día con aforo limitado:
18 h Despedimos o ano con Zumba
18 h. e 18.30 h “Un saco de contos”, Ángeles Goás
Repostería de Nadal
Obradoiro de papiroflexia de Nadal
Obradoiro de adornos con troncos
+ INFO na páxina 17




**VISITA DA PAXE DE NADAL**
CSC do Romaño
*Contacontos musicado*
18 h · 45 min. · Público infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

**ENTRE BECHOS ANDA O CONTO, DE TONE MARTÍNEZ**
Centro Sociocultural de Figueiras
18 h · 40 min. · A partir de 4 anos · De balde
Reservar praza chamando ao 646 988 198
+ INFO na páxina 24

**VISITAS DA APALPADORA AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS**
CSC de Busto
*Manualidades con materiais naturais e visita da apalpadora*
18.15 h · 45 min. · Público Infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

**VISITA DO CARTEIRO REAL**
CSC Lavacolla
De 18.30 a 20.30 h. · Público familiar · Entrada libre · De balde

**A APALPADORA VOLVE POLO NADAL**
CSC de A Gracia
*Contacontos musicado e teatralizado*
19.15 h · 45 min. · Público Infantil · De balde
Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas.
A Apalpadora contará o seu increible e máxico viaxe do Courel ata Santiago.
Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### AS AVENTURAS DE MARIÑA, DE ALBA BERMÚDEZ
Centro Sociocultural de Lavacolla
19 h · 40 min. · A partir de 4 anos · De balde
Mariña é unha nena á que lle gusta moito o mar e os animais que nel habitan. Todas as tardes mergúllase na auga para xogar cos peixes. Hai un que é moi especial. Chámase Xarda. Un peixe que fala e que lle conta historias sobre como é a vida mariña e tamén sobre os seus perigos. A loita contra a contaminación, a amizade e o respecto son temas que están presentes en Aventuras de Mariña. Unha sesión de contos que combina a narración oral e o teatro de monicreques.
Reservar praza chamando ao 646 988 198

## SÁBADO, 31 DE DECEMBRO DE 2022

### MULTIXOGO NADAL
Multiusos Fontes do Sar
Gran evento de lecer e entretemento *para a cativada*
Aberto de 10.30 a 14 h · Público familiar



Actividades destacadas do día con aforo limitado:
**11.30 h-13.30 h** Sesión Dj infantil con campanadas
Obradoiro cotillón Fin de Ano
Obradoiro de tatoos Fin de Ano
+ INFO na páxina 17

### PEDALEA - RUTA DE SAN SILVESTRE
CSC das Fontiñas
*Ruta*
11 h · 2 horas · A partir de 14 anos · De balde
**Inscrición previa no centro sociocultural. Prazas limitadas**
Ruta por algún dos miradoiros máis emblemáticos da cidade (parque de Carlomagno, monte de Deus, miradoiro das Cancelas, outeiro do Pozo da Neve).

### CARREIRA DE SAN SILVESTRE
Percorrido urbano
*Carreira popular*
17 h · 60 minutos aprox. · A idade mínima serán nados no 2010·
**Inscrición previa en www.carreirasgalegas.com**
Tradicional carreira popular coa que despedimos deportivamente o ano e que transcorre polas principais rúas de Compostela ata chegar á rúa de San Francisco.

### FESTA DE FIN DE ANO
Praza do obradoiro
*Música*
23 h · 3 horas · Público adulto · De balde
**Entrada libre até completar a capacidade**
Actuación musical a cargo da Orquestra Fania Blanco Show.



## DOMINGO, 1 DE XANEIRO DE 2023

### MULTIXOGO NADAL

Multiusos Fontes do Sar

Aberto de 17 h a 20.30 h · Público familiar

*Gran evento de lecer e entretenemento para a cativada*



Actividades destacadas do día con aforo limitado

**18 h** Chocolatada benvido 2023 (agasallo de 1 chocolate / entrada)

Obradoiro de Pop Its de Nadal

Obradoiro con material de refugallo

+ INFO na páxina 17

## LUNS, 2 DE XANEIRO DE 2023

### NADAL SOBRE RODAS

Praza do Toural: 11.30 h

Obradoiro de velas e xabóns de nadal

Praza Roxa: 18 h

Sesión musical a cargo de Espiño DJ. Elaboración de complementos para photocall

Público familiar · De balde · Accesso Libre ata completar aforo

+ INFO na páxina 16 e en *comercio.santiagodecompostela.gal*

### CIRCO EN NADAL. PequeCirco

Centro Xove da Almáciga

De 11.30 a 13.30 h · De 3 a 5 anos · De balde

Acceso libre ata completar aforo (prazas: 20 nen@s por día)

+ INFO na páxina 10

### MULTIXOGO NADAL

Multiusos Fontes do Sar

Aberto de 17 h a 20.30 h · Público familiar

*Parque de atraccións de 3500 m² para o público familiar*



Actividades destacadas do día con aforo limitado:

**18 h** Actuación de Pakolas: "Rockeando con Ramona Órbita"

Repostería de Nadal

Obradoiro con escuma PlayMais

Obradoiro de tarxetas con goma eva

+ INFO na páxina 17

### KLARA Y LA NAVIDAD EN LA GRANJA

Aparcamento de Salgueiriños




*Cinema*

18 h · 69 min. · Animación

Público familiar · Apta para todos os públicos

En coche, ata completar aforo · De balde

Klara, unha nova vaca da cidade, está moi emocionada por pasar o seu primeiro Nadal na granxa do seu pai, pero tamén está decepcionada porque el non adoita celebrar as vacacións. Cando avisan, inesperadamente, ao seu pai para que axude a un veciño, Klara veo como a única oportunidade para levar o ambiente do Nadal á granxa, co apoio dun elfo descarado. Descubrirá Klara que o realmente importante do Nadal é estar xuntos cos seres queridos?

### VISITA DA PAXE DE NADAL

CSC de Pontepedriña

18.30 h · 45 min. · Público infantil · De balde

Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas.

Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### ELES TRANSPORTAN A MORTE

Aparcamento de Salgueiriños




*Cinema*

21 h · 79 min. · Ficción Histórica

Público infantil · NR menores de 7 anos

En coche, ata completar aforo · De balde

1492. Entre a tripulación de Cristovo Colón viaxan tres homes que conseguiron evitar as súas condenas a morte participando nesta incerta viaxe, pero ao chegar ás Canarias, foxen. Mentres, no Vello Mundo unha muller trata de salvar a súa irmá moribunda, coa esperanza de que unha curandeira poida axudala.

## MARTES, 3 DE XANEIRO DE 2023

### NADAL SOBRE RODAS

Praza do Obradoiro

**11.30 h** Obradoiro familiar de repostería de nadal

**18 h** Sesión musical a cargo de Espiño DJ. Elaboración de complementos para photocall

Público familiar · De balde · Accesso Libre ata completar aforo

+ INFO na páxina 16 e en *comercio.santiagodecompostela.gal*

### CIRCO EN NADAL

Centro Xove da Almáciga

De 11.30 a 13.30 h · De 6 a 14 anos · De balde

Acceso libre ata completar aforo (prazas: 20 nen@s por día)

+ INFO na páxina 10

### EL GRINCH

Aparcamento de Salgueiriños




*Cinema*

18 h · 86 min. · Animación · Público familiar · Apta para todos os públicos e distintivo especialmente recomendada para a infancia

En coche, ata completar aforo · De balde

O Grinch é un ser gruñón e peludo de cor verde que vive nunha cova oculta no alto da montaña. El mesmo asegura que o seu corazón é moi pequeno e que ese é o motivo polo cal é un cascarrabias que sempre está a se queixar de todo e non hai nada que lle pareza ben. O seu único amigo é un cachorro chamado Max, e isto para o Grinch é máis que suficiente porque el non necesita a ninguén.

### DEVOLVENDO O GOLPE

Aparcamento de Salgueiriños




*Cinema*
21 h · 68 min
Documental
NR menores de 12 anos
En coche, ata completar aforo
De balde

Con 10 anos, Aarón case morre atropelado. A súa nai, Rosa, loitará para que saia adiante e cumpra o seu soño: ser campión de España de boxeo.

## MÉRCORES, 4 DE XANEIRO DE 2023

### NADAL SOBRE RODAS

Praza Roxa: **11.30 h**

Obradoiro de coctelería e aperitivos

Praza de Cervantes: **18 h**

Sesión musical a cargo de Espiño DJ. Elaboración de complementos para photocall

**Público familiar · De balde · Accesso Libre ata completar aforo**

+ INFO na páxina 16 e en *comercio.santiagodecompostela.gal*

### CIRCO EN NADAL

Centro Xove da Almáciga

**De 11.30 a 13.30 h · De 6 a 14 anos · De balde**

+ INFO na páxina 10

### VISITA DA PAXE DE NADAL

CSC de Villestro

**18 h · 45 min · Público infantil · De balde**
**Acceso mediante inscricións ata cubrir prazas.**

Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### CONCERTO DE CORAIS VECIÑAIS DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS

Igrexa de San Fiz de Solovio

**18 h**

**Coral "Amigos do Castiñeiriño":** Benedicat Vobis. Haendel · Vive o Nadal. Popular, Galicia · Falade Baixiño. Popular, Galicia · Imos todos para Belén. Popular, Galicia. Arranxo: José Blasco.

**Coral "José Saramago de Vite":** Cun sombreiro de palla. Popular, Galicia · Los peces en el río. Popular, España · Navidad en la tierra y en el mar. Autor: José Luis Perales · Dime Niño de quién eres. Popular, España.

**Coral "Santa Susana":** Dulce Jesús mío. Anónimo, Bolivia. Ed. Piotr Nawrot · Río, Río. Popular, Chile. Arr. Marcos Mato Collazo · Canto do Berce . Canción popular galega · O Neno durmía. Letra: Díaz Xácome / Música: A. Paz Valverde.

+ INFO na páxina 11

### CLIFFORD EL GRAN PERRO ROJO

Aparcamento de Salgueiriños




*Cinema*
**18 h · 96 min. · Animación**
**Apta para todos os públicos especialmente recomendada para a infancia**
**En coche, ata completar aforo · De balde**

Cando Emily Elizabeth coñece a un rescatador máxico de animais que lle regala un pequeno cachorro vermello, nunca se imaxinou que ao espertar se atoparía un can xigante de tres metros no seu pequeno apartamento de Nova York. Mentres a súa nai solteira se atopa de viaxe de negocios, Emily e o seu divertido pero impulsivo tío Casey embárcanse nunha gran aventura.

### ROSA E AZUL, DE PÉREZ&FDEZ

Centro Sociocultural de Laraño

*Un Nadal en conto e cor*
**18.30 h · 40 min. · A partir de 4 anos · De balde**
**Reservar praza chamando ao 646988198**

+ INFO na páxina 27

### VISITA DA PAXE DE NADAL

CSC de Laraño

**19.15 h · 45 min. · Público Infantil · De balde**
**Inscricións ata cubrir prazas**

Actividade de continuidade na sesión de intercambio.

### AS CORAIS CANTAN O NADAL

Teatro Principal

**20 h · 120 min. · De balde · Entrada libre ata completar aforo**

As corais Hermano Gómez, La Salle e Amigos de Compostela farán un concerto de panxoliñas e cantos de nadal.

### CURTAMETRAXES GALEGAS: AUGAS ABISAIS + ROMPENTE + SYCORAX

Aparcamento de Salgueiriños

*Cinema*




**AUGAS ABISAIS'**
**21 h · 25 min. · Documental**
**Apta para todos os públicos**
**Acceso en coche, ata completar aforo**
**De balde**

[Clic] Unha luz acéndese. Son escurridizos e difíciles de ver. Habitan onde nada é. Alá. No fondo.




**ROMPENTE'**
**21 h · 26 min. · Ficción. Drama**
**NR menores de 7 anos**
**Acceso en coche, ata completar aforo**
**De balde**

Santi é un pai adolescente que vive nunha pequena vila costeira. De día traballa nas bateas e polas noites marisquea de maneira furtiva. Mentres a súa moza Lucía asume en soidade o coidado do bebé de ambos, Santi, ausente e afogado pola responsabilidade, busca refuxio e redención no mar.




**SYCORAX'**
**21 h · 25 min. · Experimental**
**Apta para todos os públicos**
**Acceso en coche, ata completar aforo**
**De balde**

Quen é Sycorax? O primeiro personaxe en pisar a illa de "A Tempestade" de William Shakespeare. Pero o problema na obra é que Sycorax non ten voz. É apenas mencionada por Próspero como unha bruxa mala, vella e encorvada, que encerrou vilmente a Ariel, o espírito do aire, nunha árbore.

## XOVES, 5 DE XANEIRO DE 2023

### CIRCO EN NADAL
Centro Xove da Almáciga
De 11.30 a 13.30 h · De 6 a 14 anos · De balde
Acceso Libre ata completar aforo de 20 nen@s por día
+ INFO na páxina 10

### CABALGATA DE REIS
Percorrido rúas de Compostela
16.30 h
*Percorrido:* Praza da Mercé e desfile pola avenida de Ferrol, Frei Rosendo Salvado, praza Roxa, República do Salvador, rúa do Hórreo, praza de Galicia, rúa da Senra, porta Faxeira, rúa do Vilar, praza das Praterías, travesa de Fonseca e praza do Obradoiro.
Os Reis Magos de Oriente percorrerán a rúas da cidade ata a praza do Obradoiro

### RECEPCIÓN DOS REIS MAGOS
Pazo de Raxoi
Dende as 19 h · Acceso Libre ata completar aforo
Os Reis Magos de Oriente recibirán aos nenos e nenas de Compostela que desexen entregarlle persoalmente a súa carta



### CONCERTO DE REIS
### TEMPORADA DE ABONO DA RFG
Auditorio de Galicia
*Música clásica*
21 h · Público adulto · 90 min. · Prezo: 15 €
O fermosísimo Crebanoces de Chaikovski centrará o tradicional Concerto de Reis dirixido polo mestre Paul Daniel

Compostela Cultura

Entradas en liña en *compostelacultura.gal. Despacho de billetes da Zona C.* Punto de Información Cultural. De martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Tel.: 981 542 462. *Despacho de billetes do Auditorio de Galicia.* O día do espectáculo desde 1 h antes do comezo do mesmo. Tel.: 981 571 026. Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.
+ INFO: *www.compostelacultura.gal*

## VENRES, 6 DE XANEIRO DE 2023

### ESCENAS DENDE ARMENIA
### CICLO: SONARTE. XANEIRO, O TEATRO.
Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela
Esteban Batallán (trompeta), solista convidado
Teatro Principal
12 h · 60 min. · Público adulto · De balde · Previa reserva

Compostela Cultura

Programa con obras de A. Khachaturian, A.Arutunian e F.Amirov.
Entradas en liña en *compostelacultura.gal*. Despacho de billetes da Zona C. Despacho de billetes do Teatro Principal 1h antes
+ INFO: *compostelacultura.gal* e en Facebook (BandaMunicipalSantiagoCompostela), Twitter e Instagram (@BMSCompostela)

### BELLA E O CIRCO MÁXICO
Aparcamento de Salgueiriños




*Cinema*
18 h · 79 min. · Animación · Público familiar · Apta para todos os públicos e especialmente recomendada para a infancia
Acceso en coche, ata completar aforo
De balde
Ella Bella e Henry son os mellores amigos do mundo. Xuntos decidiron montar un espectáculo de circo na súa pequena cidade, onde Ella Bella asombrará a todos cos seus números de maxia e a axuda de Henry. Pero entón chega Johnny, un neno novo na veciñanza, con xoguetes caros e unha bicicleta espectacular, cegando a Henry.

### UNICORN WARS
Aparcamento de Salgueiriños




*Cinema*
21 h · 68 min. · Fantasía · Público adulto · NR para menores de 16 anos
Acceso en coche, ata completar aforo
De balde
Un filme de animación no que o exército osiños adoutrina os novos e inexpertos recrutas para conducilos á guerra iniciada contra os unicornios porque cren que ameazan a seguridade do seu pobo.

## SÁBADO, 7 DE XANEIRO DE 2023

### ARTHUR CHRISTMAS
Aparcamento de Salgueiriños




*Cinema*
18 h · 102 min. · Animación · Público familiar · Apta para todos os públicos
Acceso en coche, ata completar aforo
De balde
Santa Claus cre que o seu reinado está rematando e chega a hora de xubilarse. Confía en que o seu fillo Steven, que é moi eficiente e responsable, aínda que non moi alegre, estea preparado para substituílo inmediatamente. Con todo, ese Nadal xorde un problema: un dos 600 millóns de nenos aos que había que visitar queda sen o seu agasallo.

### AS CORAIS CANTAN O NADAL
Teatro Principal
20 h · 120 minutos · De balde · Entrada libre ata completar aforo
As corais Coto da nai, Amigos do Castiñeiriño e Santa Susana farán un concerto de panxoliñas e cantos de nadal.

### QUIEN A HIERRO MATA
Aparcamento de Salgueiriños




*Cinema*
21 h · 107 min. · Ficción, thriller · Público adulto · NR menores de 16 anos
En coche, ata completar aforo · De balde
Nunha vila da costa galega vive Mario, un home exemplar. Na residencia de anciáns na que traballa como enfermeiro todos o aprecian. Cando o narco máis coñecido da zona, Antonio Padín, recentemente saído do cárcere, ingresa na residencia, Mario cóidao como a un máis.


Mercado de Nadal
SANTIAGO DE COMPOSTELA
DO 2 DE DECEMBRO AO 5 DE XANEIRO NA RÚA DA CARREIRA DO CONDE
E DO 23 DE DECEMBRO AO 5 DE XANEIRO TAMÉN EN ÁREA CENTRAL
+info: comercio.santiagodecompostela.gal | www.mercadonadal.com Mercado Nadal Concello de Santiago
CONCELLO DE SANTIAGO